

## foz

O Concello traballa de forma activa na mellora do abastecemento de Cordido. **Páx. 6**

## burela

O Concello quere dar a coñecer a iniciativa 'Corazón Solidario'. **Páx. 10**

## ribadeo

Inaugurada a rúa do Pipelo tras as obras acometidas por valor de 180.000 euros. **Páx. 12**

## a pontenova

Alumnos do instituto Enrique Muruais homenaxean á troita do río Eo. **Páx. 18**

## barreiros

Coñecemos ao voceiro da oposición, José Manuel Gómez. **Páx. 25**

## Libres, fortes e unidas

Ao longo deste mes de marzo organízanse numerosas actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller



## Posible campamento militar romano

Localizado en mal estado un campamento no Vedro da Fame, en Riotorto. **Páx. 17**

## A Deputación urxe un plan de investimentos


O Goberno provincial reclámalle á Xunta que impulse as infraestruturas pendentes. **Páx. 27**

## Asociación Veciñal de Mor



Falamos co colectivo da máis poboada parroquia de Alfoz. **Páx. 21**

## Foliada Nordestía



San Cibrao acollerá o sábado 23 de marzo unha nova edición. **Páx. 15**

## Concentración de motos



Mondoñedo celebra unha das concentracións moteiras máis antigas. **Páx. 16**

## Novo club deportivo en Viveiro

Falamos con Alfredo Navarro, o presidente da Asociación Deportiva e Cultural Alboi. **Páx. 29**

**ESTAS REBAIXAS QUE NON CHE TOQUEN A FIBRA**

Engade AdamoTV por 3€ máis

**1.000 Mb**  
**20 GB**  
**30€/mes**  
41€/mes  
Durante 1 ano

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

La fibra de *Andy y Lucas*

**Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu pack personalizado en [adamo.es](https://adamo.es)**

Oferta válida para novos clientes que non contratasen ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 08/01/2024 e o 31/03/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 20 GB durante os 12 primeiros meses a 30€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Esta promoción non inclúe a cota de activación, por importe de 12.104 (IVE incluído), que lle será cobrada na primeira factura. Si inclúe a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 18 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163.354 (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Liñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

# A MARIÑA

## Actividades con matices morados

Os concellos e asociacións preparan moitas actividades para esta semana co gallo do Día Internacional da Muller

Desde hai máis de 100 anos, o 8 de marzo é un día que celebra os dereitos das mulleres, os dereitos que foros conseguindo en todos os ámbitos. Na actualidade, durante esta xornada, organízanse actividades e manifestacións en todo o mundo para denunciar que aínda queda moito camiño por percorrer ata alcanzar esta desexada igualdade real entre homes e mulleres.

Os concellos mariñoas queren tamén amosar o seu compromiso coa non discriminación por razón de xénero e o seu apoio na loita contra a violencia exercida cara as mulleres. Así, durante todo este mes de marzo haberá unha ampla variedade de actividades. Esta é a proposta que realizan os concellos da comarca.

**ALFOZ.** Dende o Concello programáronse diferentes actividades. Así, a Casa do Concello estará tinguida de violeta como apoio a todas as mulleres, e o 8 de marzo publicarase a I edición Mulleres de Alfoz, con infografías sobre mulleres relevantes do concello que serven de exemplo e foron pioneiras na súa vida profesional.

O día 9 de marzo ás 17.00 horas na Casa da Cultura terá lugar unha quedada que leva por nome 'As mulleres a través do tempo' na que se analizará o papel da muller en diferentes épocas a través do intercambio de experiencias de vida das mulleres de Alfoz. Tamén, o grupo de VIA Alfoz organiza a X Ofrenda floral na conmemoración do Día Internacional da Muller. O evento será o sábado 9 ás 12.00 horas nas inmediacións do Castelo do Castroouro.

**BARREIROS.** No marco deste día, o 8M, está programada a lectura do manifesto institucional na praza do Concello ás 13.00 horas. A concelleira tamén anunciou un obradoiro de musicoterapia para mulleres impartido pola musicóloga e musicoterapeuta María Fuente no centro



sociocultural de San Cosme ás 11.00 horas. Para participar neste obradoiro é precisa a reserva de praza no teléfono 629 668 251.

Para rematar o mes de marzo, a área de Igualdade programa unha nova edición da Escola de Familias impartida por Disciplina Positiva A Mariña. Estes obradoiros darán comezo o sábado 23 de marzo ás 10.00 horas no centro sociocultural de San Cosme e consistirán en tres sesións con periodicidade mensual. Haberá tamén un espazo dedicado ás crianzas co obxectivo de facilitar a conciliación á vez que se lles proporciona tamén formación mentres xogan ou desenvolven actividades.

**BURELA.** A programación, que xa comezou o venres 1 de marzo, seguirá o propio día 8 cunha homenaxe ás xogadoras do Pescados Rubén Bu-

rela de fútbol sala feminino, baixo o lema 'Burela guerreira pola igualdade', no pavillón Vista Alegre. Será ás 9.15 horas.

No mesmo día ás 12.00 na praza do Concello terá lugar a lectura do manifesto institucional. E o 15 de marzo pola mañá representarase a obra de teatro '#2Pilgrims' para os institutos de Burela, e ás 21.00, no auditorio a un prezo de 4 euros.

Ademais, ao longo de marzo haberá diversos obradoiros dirixidos a centros educativos sobre Educación sexual dixital e pornografía.

**CERVO.** O sábado 9 de marzo terá lugar o xantar do Día Internacional da Muller, no restaurante O Noso Lar ás 15.00 horas. Na comida farase entrega dos trofeos ás gañadoras dos campionatos de tute e parchís, así como un sorteo de agasallos ce-

dido polas asociacións. A xornada rematará con baile na Casa do Mar da man de DJ Ovo.

Xa o domingo 17 de marzo ás 18.00 horas será a segunda edición do Karaoke pola Igualdade no auditorio da Casa da Cultura. Os participantes deberán escoller unha canción composta ou popularizada por mulleres que se atope na lista de temas publicada no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello. Todo aquel que decida interpretar unha canción que non se atope na lista deberá avisar con anterioridade para comprobar se pode ser reproducida polos medios técnicos da organización. O prazo de inscrición no propio Concello rematará o venres 15 de marzo ás 15.00 horas. Tamén se permitirán as solicitudes entregadas o mesmo día do concurso na Casa da Cultura antes dos ensaios previos dos parti-

cipantes, que darán comezo ás 16.30 horas. O concurso contará con diversos premios en distintas categorías que abarcan desde os 50 euros aos 150.

**MONDOÑEDO.** O Concello, a través do Centro de Información ás Mulleres, organiza unha nova edición dos concursos de debuxo 'Debuxando en Igualdade', e de relatos Letras para a Igualdade, no que se invita ao alumnado dos centros de Primaria e Secundaria dos concellos de Mondoñedo, Abadín, Lourenzá, A Pastoriza e Riotorto a participar cunha obra orixinal na que a temática sexa a igualdade entre mulleres e homes. O sábado 23 de marzo terá lugar a entrega de premios dos concursos.

Os actos institucionais e centrais serán o martes 8 de marzo e terán lugar na praza do Concello a partir das 12.00 horas. Darase lectura á declaración en prol da igualdade que cada ano realiza o Concello para, a continuación, dar lugar á presentación do novo panel da exposición 'A Historia de Mondoñedo leva nome de muller'. Neste 2024 estará dedicada a Dolores Lombardero, farmacéutica, a Elena Candia, política, e a Cristina Vázquez, atleta, e ás labregas de Mondoñedo. O panel de 2024 estará exposto durante todo o ano na entrada da Casa do Concello e os anteriores poden visitarse na sala de reunións da CIM.

Ao longo de todo o mes terán lugar obradoiros de igualdade e diversidade LGTBI+ nos centros educativos de Mondoñedo e A Pastoriza.

Tamén a Asociación Sendeiriña organiza unha charla o 15 de marzo ás 20.30 horas na Casa da Xuventude sobre 'Menopausia: entendendo los cambios'.

**O VICEDO.** Ao longo deste semana o Concello terá instalada unha estantería con folletos informativos sobre igualdade de xénero. E o venres 8 de marzo diante da Casa consistorial ás



**CARMELO LÓPEZ.**

Alcaldesa de Burela.

"É un día no que hai que lembrar e recoñecer a historia dos dereitos das mulleres por un mundo igualitario e libre"



**GLORIA GONZÁLEZ.**

Asc. Pesca Recreativa Burela.


"Temos que reivindicar o papel da muller, pois por desgraza aínda non estamos á altura dos homes en moitos ámbitos"



**BELÉN MOGO.**

Artista mariñá.


"É un día para poñer en valor a moitas mulleres cunha boa traxectoria que de outra maneira nunca serían visibles"



**LUCÍA FERRO.**

Escritora.

"Esta data é un día de reflexión no que o privilexio non ten outra máis que escoitar a dor da poboación oprimida"



**REBECA MASEDA.**

Xestión cultural & violín.

"O 8M é celebrar e entender a vida en clave feminina. Compromiso e loita por un mundo mellor para todos."

12.00 horas haberá una solta de globos lilas e un reparto de bolsas *blaster* e chufasqueiros con lendas como "Xuntos, loitamos pola igualdade". Instalarase tamén unha pancarta no balcón da casa consistorial.

**OUIROL.** O día 8 de marzo o Concello organiza un taller e a exposición 'Sobre as nosas cabezas'. Esta mostra amosa diferentes imaxes de mulleres de diferentes países portando diferentes obxectos nas súas cabezas. Unha imaxe típica galega, pero que tamén se pode ver noutras zonas do mundo como Cabo Verde, Brasil, Haití, República Dominicana, India... A inauguración desta exposición será ás 16.30 horas na Biblioteca con entrada gratuíta. E poderá verse do 11 ao 15 de marzo de 10.00 a 13.30 horas. Para o taller é necesaria a inscrición previa no teléfono 982 559 109.

**RIBADEO.** A Área de Igualdade organiza diversas actividades que comezan o 7 de marzo cunha charla sobre a menopausia, guiada polo xinecólogo Ezequiel Cardoso González, e que será ás 20.00 horas no Centro Social Comunitario.

O 8 de marzo será a excursión ao Balneario de Cuntis, e contan con realizar outra saída na primavera seguramente ao Balneario de Guitiriz. O propio 8M haberá unha manifestación feminista organizada por varios colectivos, con saída do aparcadoiro xunto á rotonda do IES de Ribadeo ás 20.00 horas. Pola noite, ao remate da manifestación, será o concerto das Fillas de Cassandra, ás 21.30 horas no auditorio Hernán Naval. A entrada custará 5 euros e venderase de forma anticipada ese mesmo venres pola mañá de 10.00 a 15.00 horas na Casa de El Viejo Pancho e pola tarde no Auditorio desde as 20.30 horas.



Xa o 9 de marzo ás 11.00 horas na praza 8 de Marzo (en caso de choiva no Cine Teatro) lanzarán o proxecto 'Move Ficha pola Igualdade'.

E o 12 de marzo, en colaboración cos colexios locais, celebrarán, dentro do programa 'O Concello os Coles', unha actividade de narración oral chamada 'Rapazas de conto', onde os máis novos poderán explorar contos que fomentan a igualdade e a diversidade de xénero.

Tamén desde o 6 de marzo a Escola de Música albergará unha exposición especial baseada no traballo de investigación dunha trombonista, Hanna Nauke.

**TRABADA.** O 8 de marzo, o Concello de Trabada proxectará a película 'O Corno', da directora Jaione Camborda. Esta cita será ás 21.00 horas na casa da cultura.

**VIVEIRO.** O Concello xunto ao CIM, prepara varios actos para que comezarán o vindeiro 8 de marzo coa lectura dun manifesto na praza Maior ás 12.30 horas.

Así, o sábado 9 haberá unha obra de teatro 'Boa Sorte, Mala fama' ás 20.30 no Pastor Díaz, e ás 22.00 horas será a XIX Cea de irmandade para mulleres no Restaurante Louzao. Tamén ata o 16 de marzo estará aberta a exposición de traballos dos

concursos de Debuxo Escolar Mamá Traballadora e de fotografía Mulleres e Traballos, na sala da biblioteca municipal. E do 1 ao 15 de abril na sala multiúsos do Concello estará a mostra 'Chicas nuevas 24 horas', de Mabel Lozano, poderase sobre a temática da explotación sexual, financiada pola Rede de Entidades Locais Contra a Violencia de Xénero.

Por outra banda, haberá un obradoiro sobre acoso escolar ou sexual e redes sociais, dirixido a alumnado dos IES María Sarmiento e Vilar Ponte de Viveiro que se desenvolverá ata o 28 de maio.

E rematará co club de lectura En Feminino, a cargo da actriz galega Estibaliz Veiga.

**XOVE.** O Concello de Xove celebrará o Día Internacional da Muller o sábado 9 de marzo cunha chocolatada á que convida a todos os veciños. Esta chocolatada será ás 17.30 horas no salón de actos do propio edificio municipal e será unha homenaxe ás mulleres e os seus dereitos. E nesta ocasión, no acto conmemórase o Encontro de palilleiras 'Coas Nosas Mans' do Concello de Xove, e ás mulleres que o levan facendo posible durante trece anos.

O encontro é unha forma de imbuír de merecido prestixio un oficio tradicionalmente feminino que implica talento, arte, compartir e reunirse, e que foi evolucionando ó longo das edicións ata transformarse no que é hoxe: un escaparate para o municipio de Xove en Galicia e noutras comunidades, e un importante impulso para a economía local.

Tamén o venres 8 ás 12.00 horas haberá un acto interxeracional conmemorativo coa colaboración da Escola Infantil de Xove, o Ceip Pedro Caselles, o IES Illa de Sarón, os maiores

da Residencia San Bartolomeu e os usuarios do Centro de Día Coidando de vós de Burela. Este acto será no pavillón municipal de deportes de Xove.


**VEGADEO.** A Concellería de Igualdade do Concello de Vegadeo organiza un taller de arte saudable dirixido a mulleres. Esta cita será os días 9 e 23 de marzo, 6 e 20 de abril, e 4 e 18 de maio e en horario de 17.00 a 19.30 horas.

Impartirase no local das asociación da rúa Camilo Barcia e para participar haberá que anotarse previamente chamando ao teléfono 985 634 022. Hai prazas limitadas.

**OBSERVATORIO.** O Observatorio da Mariña pola Igualdade convoca a todo o feminismo da Mariña Lucense "para combater contra as políticas que tratan de silenciarnos. Somos feministas, somos loitadoras e somos poderosas".

Este ano 2024 queren visibilizar aos sectores máis vulnerables onde traballan maioritariamente as mulleres, "como son os servizos de limpeza e o sector téxtil e poñer en valor a loita que levaron a cabo as compañeiras da limpeza de Lugo nos últimos meses, que resistiron cunha longa folga ata que acadaron mellorar as súas condicións laborais, demostrando o necesario que é a unidade feminista cara a un mesmo fin: varrer o patriarcado", engaden.


Por todo isto, o Observatorio da Mariña pola Igualdade organiza e convoca unha manifestación o 8 de marzo ás 20.00 horas en Ribadeo. E tamén, o venres 8 de marzo na praza de abastos de Burela, farán un convivio e apertura do quiosco 8M, a partir das 14.00, e outro de obradoiro de cartaces, de 16.00 a 18.00.



**SILVIA FIALLEGA.**

Xestora cultural.

"O 8M lémbra-nos que aínda nos queda camiño por andar e moitos teitos por romper. Implica educar en igualdade no día a día"



**ZELTIA VALCARCE.**

Médica.


"É un día para reivindicar e seguir o camiño das nosas avoas, esas mulleres traballadoras que son exemplo de loita e dignidade"



**ISABEL VILALBA.**

Labrega.

"As labregas seguiremos cultivando igualdade e loitando para poder seguir producindo os alimentos saudables"



**LUCÍA SÁNCHEZ.**

Investigadora.

"É o día no que ao unísono, as mulleres nos revolvemos contra as redes machistas e afincamos a nosa pegada na historia"



**PALOMA DÍAZ.**

Coordinadora de Bal y Gay.

"É o Día ideal para fomentar na infancia o espírito crítico, formando así persoas máis xustas e transformadoras para o futuro"

**Unidos para que el mundo sea maravilloso**

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?

edp

## O PROCESO ELECTORAL PARA O GOBERNO AUTONÓMICO

## Galicia e Lugo elixiron ao PP

Obtivo a maioría absoluta con dous escanos menos, o BNG gañou 6 e o PSOE baixou 5 no cómputo global galego

O PP mantén a Presidencia da Xunta de Galicia e revalidou a maioría absoluta da man de Alfonso Rueda para os próximos catro anos ao superar a barreira dos 38 escanos no 18F. O partido perdeu 2 escanos (40), pero consolídase como primeira forza na comunidade e logrou a

súa quinta maioría absoluta consecutiva. O BNG posicionouse como segunda forza e ten 25 escanos, o que supón 6 máis con respecto ás eleccións anteriores. O PSdG baixou 5 e acadou 9, mentres que Democracia Ourensana entra por primeira vez no Parlamento cun deputado.



As urnas tamén dilucidaron os 14 representantes da provincia que estarán no Parlamento galego. Dos 14 deputados, o PP logrou 8, un menos que nos pasados comicios. Logrou ser a primeira forza en todos os concellos agás en tres, Negueira, Ribeira de Piquín e Pedrafita, nos que o PSOE tivo a primeira praza. Estes tres concellos axudaron ao PSOE, que só logrou obter dous deputados pola provincia, seguindo a tendencia xeral dos socialistas en Galicia. Friol volve ser o principal feudo do PP na provincia de Lugo, que obtivo o 73,8 % dos votos, aínda que

destacan tamén outras localidades importantes como Guntín, Baralla, Carballedo, Paradela, Portomarín, Begonte e A Pastoriza. Na provincia, o crecemento maior foi o do BNG, que quedou co deputado que perdeu o PP e leva catro representantes á cámara. Foi a segunda lista máis votada en 48 concellos mentres que o PSOE foi a segunda en 16. Moi lonxe quedaban de obter representación Vox e Sumar, e o afundimento en votos foi para Podemos, que recolleu menos votos que Pacma ou Escanos en Branco.

## DEPUTADOS

1. María Elena Candia López (PP)
2. Javier Arias Fouz (PP)
3. Alfonso Villares Bermúdez (PP)
4. Cristina Sanz Arias (PP)
5. José Manuel Mato Díaz (PP)
6. Raquel Arias Rodríguez (PP)
7. José Manuel Balseiro Orol (PP)
8. Enrique Barreiro Sánchez (PP)
1. Olalla Rodil Fernández (BNG)
2. Daniel Castro García (BNG)
3. Montserrat Valcarcel Armesto (BNG)
4. Iago Suárez Fernández (BNG)
1. José Ramón Gómez Besteiro (PSOE)
2. Lara Méndez López (PSOE)



## PP

## Foi a provincia na que tivo maior porcentaxe de voto

Alfonso Rueda valorou os resultados electorais da provincia xunto á cabeza de lista, Elena Candia. Segundo explicou, Lugo obtivo a maior porcentaxe de votos para o PP de Galicia con respecto ás catro provincias: 53,39%, tres puntos e medio máis que Ourense, cerca de seis con A Coruña e nove e medio en relación a Pontevedra.

Tamén destacou que o PP na provincia sume 98.803 votos fronte aos 78.420 papeletas que suman o PSOE e BNG, é dicir, máis de 20.000 votos máis para este proxecto.

O PP é a primeira forza en todos os concellos da provincia, excepto en tres (en 64 dos 67) que se sitúa como segunda forza; tamén hai que destacar que en 48 municipios superaron o 50% dos apoios (en Friol e Guntín superaron o 70%). Nese senso tamén insistiu en que Lugo foi a provincia onde menos medrou o voto do BNG pese a formar parte do goberno tanto da Deputación como do Concello da capital. (Lugo +25,16%; Ourense 25,35%; A Coruña 32,66% e Pontevedra 34,69%).

No caso do municipio de Lugo o Partido Popular foi o concello que obtivo o mellor resultado de Galicia "fomos o partido máis votado nas 125 mesas electorais con 26.794 papeletas; e tamén a forza política que máis aumentou o seu apoio en todos os distritos cun incremento de 4137 votos con respecto ás eleccións de 2020".

O popular tamén subliñou que na capital lucense o PP obtivo 3.366 votos máis que os que acadaron o PSOE e o BNG xuntos. (PP obtivo 26.794 e PSOE+BNG 23.429)".

## PSOE

## Formoso apártase nunha aposta por Besteiro

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, apuntou que o futuro do partido "pasa por Besteiro", como líder do único partido "capaz de aglutinar á maioría social de Galicia e de lograr o cambio político" porque "canto máis BNG máis PP". Así o dixo logo dos "malos resultados electorais".

O responsable socialista emprazou a "afrontar o futuro con optimismo e con realismo, aceptando a mensaxe do país" nas pasadas eleccións que, dixo, sinalaron que "a alternancia ten que pasar por un PSdeG forte". Apuntou que o futuro do partido para por "intensificar a defensa dos intereses dos galegos e das galegas".

Dixo que o PSdeG asumirá "cambios de ritmo e de mensaxe" e mesmo "cambios orgánicos" cunha "aposta pola tranquilidade e por facer as cousas ben, aprender dos erros do pasado". Formoso deu por aberta unha nova etapa de 4 anos de "traballar a reo" para configurar unha alternativa de goberno facendo caso da mensaxe das pasadas eleccións.

Formoso advertiu que as pasadas eleccións deixaron a "lectura" de que "máis mobilización do BNG implica máis mobilización do PP". Insistiu na necesidade dun PSdeG "forte" no que, dixo, "non temos que transmutarnos en nada, non necesitamos agochar a nosa identidade, o que pensamos nin o que somos".

Unha das primeiras medidas que se tomaron foi a retirada da primeira liña de Formoso, que deixará a dirección do grupo para ceder esta posición a Besteiro e anunciou que o candidato "tivo moi pouco tempo para dar a coñecer o programa".

## BNG

## Un resultado histórico dos nacionalistas en Lugo

Os catro deputados electos do BNG fixeron unha valoración dos resultados conseguidos polo BNG, nas que o partido alcanzou un resultado histórico tanto a nivel galego como en Lugo. En toda Galicia, alcanzáronse preto de medio millón de votos, 155.000 máis que en 2020, colocando ao BNG cun grupo parlamentario de 25 integrantes, que ocupa un terzo do hemiciclo, mentres que tanto na provincia de Lugo como na cidade se conseguiu unha mellora notable.

Olalla Rodil afirmou que "desde o BNG temos máis empuxe ca nunca para seguir defendendo Lugo e a vida das nosas veciñas e veciños", e engadiu "é certo que non conseguimos que se producise un cambio político neste País cun novo goberno liderado polo BNG pero hoxe temos máis forza e máis ganas que nunca para seguir traballando cara ese horizonte".

O BNG non ten teito. "Dicíannos en 2020 que 19 escanos era o máximo ao que podíamos aspirar, que chegáramos ao noso límite e que a maior parte do voto que tiñamos era prestado", explicou Olalla Rodil, que engadiu "catro anos despois demostramos que o BNG é unha forza política sólida que lidera a oposición en Galiza de maneira reforzada".

Segundo Olalla Rodil, "despois destas eleccións queda claro que a alternativa ao Partido Popular é o Bloque Nacionalista Galego". A deputada do BNG afirmou que "sabemos que hai moitas das persoas que poden sentirse decepcionadas porque non se produciu un cambio de goberno, comprendemos esa frustración, pero a campaña que fixemos e o resultado electoral do BNG demostraron que este País xa cambiou".

## A CIG afea que o Hospital “estivera sen cardiólogo durante varios días”

A CIG-Saúde da Mariña denuncia que “o hospital queda, das tres escasas prazas que ten dotadas, cun só especialista en cardioloxía”.

“Unha vez máis, a causa é a nefasta xestión desta dirección, provocando traslados e ingresos de pacientes da Mariña ao HULA por falta de especialistas, a máis de 100 km, e arrastrando con eles as súas familias”, denuncian.

Dende o colectivo explican que “cun só cardiólogo é imposible atender a consulta diaria, os ingresos na planta, ou atender urxencias”, polo que o Hospital da Mariña “só asumirá 4 pacientes ingresados de cardioloxía, a partires de aí son trasladados e ingresados no HULA”.

Así mesmo, din que os pacientes cun episodio cardiovascular agudo e que precisan dun cateterismo, “derívanse a Hemodinámica no HULA e xa quedan ingresados en Lugo por falta de especialistas na Mariña”.

Tamén haberá un aumento das listas de agarda para a realización de probas diagnósticas, en consultas de revisión imprescindibles, en primeiras consultas para diagnosticar. “Inasumibles e vergoñentas, que multiplicarán as que xa había até o de agora”, din.



**UROLOXÍA.** Así mesmo, denuncia que o Hospital da Mariña quedou sen especialistas en Uroloxía e Digestivo e esixen á directora do distrito sanitario que dea unha solución ou dimita.

Concretamente, o hospital quedou sen especialistas en Uroloxía varios días, e foi o HULA e a través dun teléfono quen atendeu e decidía si estes pacientes precisaban de ingreso. “De ser así, o paciente era trasladado para ingresar no HULA”, indicaron dende a CIG, “do mesmo xeito non houbo durante varios días endoscopista e os pacientes eran derivados tamén ao HULA”, confirman dende a central sindical.

Dende CIG Saúde A Mariña esixen por isto á directora do Distrito Sanitario da Mariña, María José Cortés Canay, que exerza as súas competencias e que empregue os recursos necesarios para garantir unha atención de proximidade, e de non ser capaz de defender a atención sanitaria da veciñanza da Mariña, “que presente a súa dimisión”, sosteñen. Diante desta situación, animan a todos os usuarios e usuarias e presentar reclamacións oficiais a través do servizo de Atención ao Paciente.

“Debe primarse o dereito da cidadanía a recibir unha atención sanitaria de calidade pública”, sosteñen.

## A Fundación Caixa Rural Galega convoca novas bolsas para posgrao

Un ano máis a Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas acaba de facer pública a terceira edición das bolsas para estudos de posgrao. En concreto convócanse dúas bolsas cun límite máximo de dotación de 40.000 euros cada unha para o estudo dun máster nunha universidade de recoñecido prestixio nacional ou estranxeira.

A contía da bolsa poderá utilizarse para cubrir gastos de matrícula e aloxamento. O importe final dependerá da localización do centro no que se realicen os estudos e do custo do programa do máster.

Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia, podendo ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade.

O prazo de solicitude estará aberto ata o 31 de maio e as solicitudes, do mesmo xeito que as bases desta convocatoria, poderán atoparse na páxina web [www.fundacioncrujal-notario.gal](http://www.fundacioncrujal-notario.gal) no apartado de convocatorias.

## Comeza unha nova edición do Correlingua musical

A máis movida, musical e divertida das festas en defensa do galego inicia a súa actividade de 2024 coa convocatoria do seu concurso máis importante: o Cantalingua. As bandas galegas poderán inscribirse nesta convocatoria que ten como premio unha remuneración de ata 1.300 euros por cada actuación nos centros escolares que participan do Correlingua. O prazo de presentación de cancións finaliza as 24:00 do 6 de marzo de 2024.

No concurso poden participar bandas e solistas en lingua galega de calquera estilo musical. As cancións deben ser orixinais, e cantadas integramente en galego. Para participar nas Festas do Correlingua é necesario participar no Cantalingua.

Os premios para esta edición de Cantalingua no Correlingua de 2024 serán as actuacións previstas nos centros, haberá tres premios para os tres primeiros clasificados cunhas remuneracións 600 euros brutos por actuación de solista, 800 euros brutos por grupo ata tres compoñentes, 1100 euros brutos para grupos ata cinco compoñentes e 1300 para grupos de seis ou máis compoñentes.

Os concertos serán celebrados polas mañás.

A canción deberá presentarse en formato MP3, xunto cunha presentación da banda ou solista e unha fotografía. Hai que indicar un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Todos estes datos pódense enviar ao correo [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com) con antes das 24H do 6 de marzo de 2024. Os grupos ou solistas tamén deberán presentar unha pequena presentación da banda completa ou solista, unha fotografía, e indicar os seguintes datos: enderezo fiscal, enderezo electrónico, teléfono e persoa de contacto, sitio web e link ás súas RRSS.

As cancións participantes serán publicadas na web de Correlingua, serán difundidas nas redes sociais e tamén se editará unha playlist de Spotify para que sexan coñecidas polo maior número posible de persoas. Os gañadores daranse a coñecer desde a web de Correlingua. Os concertos celebraranse no mes de maio de 2024 cunha duración aproximada de 30 minutos nos concertos compartidos e de 50 minutos cando a actuación sexa en solitario.

## Alcoa anunciou un acordo de compra para Alumina Limited



A empresa estadounidense Alcoa, propietaria do 60 % da planta de alúmina de San Cibrao, anunciou a súa intención de mercar accións por valor de 2.200 millóns de dólares, uns 2.000 millóns de euros, da empresa australiana Alumina Limited coa que comparte a propiedade da factoría mariñá.

De facerse efectiva esta operación, Alcoa sería a propietaria total da fábrica cervense o que faría que poida tomar decisións sen consultar a ninguén.

Alumina Limited e Alcoa contan coa sociedade conxunta de Alcoa World Alumina & Chemicals, coa que xestionan as plantas de San Cibrao, Australia, Brasil ou Guinea. Malia que Alcoa posúe o 60 % e Alumina Limited o 40 %.

Esta operación coincide coas incógnitas sobre o futuro da planta de San Cibrao que comezaron a resoar a finais do 2023, pero que en febreiro de 2024 parece que se disiparon coa volta a produción do aluminio primario despois de dous anos, no marco dun proceso de rearranque de forma gradual das súas cubas.

**PSOE.** O secretario xeral do PSdeG

asegurou que Alcoa debe aclarar “como inflúe no futuro da planta de San Cibrao a súa adquisición de Alumina Limited”, propietaria do 40 % das instalacións lucenses. Formoso lembrou que con este movemento a firma estadounidense terá o control total sobre o complexo da Mariña, o que implica tamén unha capacidade exclusiva de decisión.

“A propiedade debe explicar se a adquisición é positiva para a planta de San Cibrao ou, pola contra, debemos estar alerta”, explicou o secretario xeral socialista, que fixo notar que se trata dun cambio accionarial “moi relevante, xa que implica a concentración de todo o poder nas mesmas mans”.

**CUBAS.** O presidente do comité de empresa de Alcoa San Cibrao, José Antonio Zan, comunicou que para este mes de marzo haberá 14 cubas reactivadas máis na planta de Aluminio o que xa fan un total de 16 cubas de electrólise. Despois de que o pasado 14 de febreiro se volvera xa producir aluminio primario despois de dous anos, no marco dun proceso de rearranque de forma gradual das cubas.



## BREVES

**RUTA.** A asociación Os Sendeiros, de Foz, fará o 21, 22 e 23 de xuño de 2024, a ruta de Pena Trevinca e Puebla de Sanabria.

Os prezos desta actividade, incluído o xantar e a durmida, son: 260 euros para socios federados, 265 euros para socios non federados e 270 euros para socios temporais. Haberá un suplemento de habitación individual de 65 euros. Para anotarse haberá que chamar aos teléfonos 606 718 482 ou 670 369 017 ou do correo electrónico [osendeiros@yahoo.es](mailto:osendeiros@yahoo.es). Para participar nesta ruta, que é de dificultade medio alta, a organización recomenda levar equipo de sendeirismo.

**CEA-BAILE.** A asociación de veciños Torques de Marzán de Foz organiza para o 16 de marzo unha cea baile de irmandade que será no Rincón do Mis, na rúa da Fiallega. Esta cita estará amenizada polo dúo Epo-k e contará cun menú de táboa de ibéricos e queixos, croquetas, luras, ovos rotos con xamón, pementos recheos de marisco, carrilleiras, diferentes de sobremesas, viño e café. Todo elo por un prezo de 15 euros para socios e 35 para non socios. O encontro será a partir das 21.00 horas e as tarxetas xa se poden mercar na tenda Hilván da rúa da Cadra, ou á asociación 684 151 730, antes do 8 de marzo.

**UNED.** A Aula Universitaria da Uned Foz conta cunha nova actividade para a que xa está aberta a inscrición. Trátase dun curso de extensión universitaria de informática básica e actualizada, dirixido a persoas adultas, denominado Cara a alfabetización dixital: curso integral de informática. O docente do IES de Foz Javier Ferro Dopico será o encargado de trasladar ao alumnado contidos como a xestión da información, o uso de internet, do correo electrónico, das redes sociais ou expoñer as principais recomendacións de seguridade, entre outros.

**CENIMA.** O Cinema de Foz acolle durante todo o mes de marzo unha mostra de fotografía de surf a cargo de José Ángel Niño. Estará dispoñible ata o 31 de marzo. Esta exposición conta con 70 instantáneas de surfistas locais anónimos e están feitas en praias da Mariña. A mostra poderá visitarse de luns a xoves de 09.30 horas a 14.00 horas; os venres de 09.30 a 14.00 e de 17.30 a 20.00 horas; os sábados de 11.00 a 13.30 e de 17.30 a 20.00 horas; e os domingos de 11.00 a 13.30 horas.

## Comeza unha obra de emerxencia para conectar a rede de Cordido

O Concello de Foz traballa de forma activa na mellora do abastecemento de Cordido. Dado que os parámetros da auga da traída nesta parroquia seguen sen estar dentro dos límites establecidos, o Concello de Foz, a través da actual concesionaria Gestagua comeza este, sábado día 24 de febreiro, unha obra de emerxencia para conectar a rede de Cordido coa rede de abastecemento de Cangas. Deste xeito o Concello de Foz subministrará a Cordido auga potabilizada na ETAP de Fazouro e así poderase eliminar a recomendación de non usar a auga para beber ou cocinar.

O alcalde, Fran Cajoto, explica: “vimos a necesidade urxente de dar unha solución aos veciños de Cordido, por iso comezamos as obras este sábado. Un subministro alternativo a Cordido desde a potabilizadora de Fazouro vainos permitir subministrar auga para que os veciños a poidan consumir con total tranquilidade e sen ningún tipo de recomendación e tamén xestionar mellor a rede ante casos coma este”.

Fran Cajoto anuncia tamén o Concello de Foz recibiu de Augas de Galicia a legalización da captación de Cordido. “Con esta concesión queda



pendente unicamente que a Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia dea o visto bo para que o Plan Xeral de Ordenación de Foz se aprrobe de forma completa. As veciñas e veciños de Cordido levan seis anos agardando para poder construír unha vivenda: xa é hora de que se resolva este bloqueo administrativo e poidan ter os seus dereitos garantidos como o resto de veciños de Foz”.

**TRASMONTE.** O Concello está mellorando viais en Trasmonte (Santa Cilla) e o alcalde, Fran Cajoto, que é responsable de obras, de conservación de camiños e do seu desbroce, manifestou que ao Concello “preocúpalle fundamentalmente o estado dos viais nas parroquias, especial-

mente en zonas de moita presión forestal. É por iso que a Policía Local está a facer un traballo de control intenso en zonas de acceso a infraestruturas clave como o depósito de Cordido ou viais principais a barrios como Sobrado en San Acisclo”.

Foz, con 100 quilómetros cadrados, foi o primeiro concello da Mariña e o quinto de Galicia en permisos de corta no ano 2023, “o que dá conta da puxanza da actividade, que debe ser especialmente coidadosa en zonas poboadas. Estamos ademais a investir uns recursos moi importantes na conservación de camiños en zonas forestais, como os máis de 80.000 euros en asfaltados no barrio de Trasmonte, en Santa Cilla”, di Cajoto.

## A cafetería do Náutico abriu aos profesionais interesados na súa concesión

O Goberno local abriu as portas da cafetería bar Náutico a todos os profesionais interesados na súa concesión para que coñeceran de primeira man as instalacións e así poder facer unha oferta.

“O contrato sae por un período inicial de tres anos, prorrogable a outros catro. Dentro do prego de condicións establécese que o horario mínimo de apertura será de luns a domingo de 9 a 21 horas e que o canon mínimo a abonar ao Concello será de 500 euros anuais. Ademais os maiores de 65 anos teñen prezos máximos establecidos, de acordo coa natureza social da cafetería”, indica o alcalde.

Fran Cajoto explica que “o obxectivo do Concello de Foz é recuperar para os nosos maiores un espazo que perderan e que servirá de punto de encontro, nunhas instalacións renovadas e adaptadas a persoas con problemas de mobilidade”.

A cafetería do Náutico ofrece, tanto aos seus socios como a aquelas persoas que esporadicamente visitan Foz, a oportunidade de gozar dunha contorna marabillosa grazas as vistas e a calidade da nova terraza.

## O PP pide crear unha comisión para investigar os sucesos do Entroido de Foz

“O PSOE e o BNG néganlle aos veciños obter máis información e esclarecer o que sucedeu na celebración do Entroido”. Así o entende a concelleira Verónica Soto despois de que “ambas formacións votaran en contra da constitución dunha comisión de seguimento”. É dicir, “o equipo de Goberno prefire ocultar e deixar atrás a transparencia”. De feito, “deixan sen ningún tipo de explicación aos veciños, especialmente a aqueles vinculados ao Carnaval que nos teñen trasladado as queixas polas cousas que fixo mal o goberno local e outras moitas persoas particulares- que na súa maioría teñen amosado o seu descontento pola situación”.

Soto incide en que “o Partido Popular intentou cos medios ao seu alcance pedir información e esixir explicacións ao goberno local, pero non fai máis que poñer obstáculos: pedimos documentación e non se

nos deu antes do pleno”. Con todo, “seguiremos demandando explicacións; esixindo responsabilidades, de ser o caso; e pedindo un cambio positivo na estratexia do equipo de goberno en relación ao Entroido”.

**CONCELLO.** A concelleira de Cultura, Inés López Couto, manifesta que “nunha reunión cos corpos de seguridade falouse dos medios necesarios cos que se contaron e como se realizarán os traballos. Elabórase un plan de seguridade, ademais existen seguros de todas as actividades. Así mesmo trabállase con empresas contrastadas e con experiencia cada unha na súa rama, dende a montaxe pasando pola instalación eléctrica e ata a comida, e incluíronse novos servizos, coma a instalación dunha ambulancia. Cara ao ano que vén traballarase para emendar todos os erros que se produciron”.

## Alumnos do IES DE Foz brillan nos Campionatos Internacionais de cata de cafés e de baristas



O IES de Foz destacou no campionato Internacional de cata de cafés e de baristas. Así, varios alumnos conseguiron moi boas puntuacións.

Entre eles, Javier Carreño Sánchez conseguiu o primeiro posto no XVI Campionato Internacional de Baristas de escolas de hostalaría, e co terceiro posto no X Campionato de Baristas Profesionais, e Carmen Barba Álvarez o terceiro pos-

to no X Campionato Internacional de cata de cafés. Nesta edición participaron 18 escolas de hostalaría de diferentes comunidades autónomas coa presenza de catro novos centros de Madrid, Burgos e Navarra e 13 profesionais.

Ademais o público puido gozar durante as competicións duna degustación de cafés das casas participantes en la KahvehVAN, unha especie de *foodtruck* de café.

# “O traballo como director é satisfactorio pero esixente”

Felipe Sánchez é o director de la Escola Municipal de Música de Foz

## Como nace a Escola de Música?

A Escola Municipal de Música de Foz fúndase no ano 1992 da man do músico e mestre de renome galego Arcadio Mon García, gran músico e persoa, xunto coa Corporación Municipal.

## Que obxectivos ten?

O principal obxectivo da súa creación foi a formación do alumnado co fin chegar á creación dunha banda fundada en 1993 e centrándose o proxecto educativo nos instrumentos de vento e percusión, ademais de ir incorporando outras especialidades como piano, violín ou guitarra.

## Cantos membros teñen?

A escola conta actualmente con 220 usuarios e temos 7 docentes repartidos nas especialidades de vento metal (trompeta, trompa, trombón e tuba), vento madeira (saxofón, clarinete e frauta), violín, piano, percusión, guitarra clásica/eléctrica e baixo eléctrico.

## Cambiou a Escola nestes anos?

Diversificouse a oferta da escola durante este últimos 9 anos ampliando o proxecto educativo co fin de facilitar o acceso a usuarios máis novos instaurando a materia de música e movemento, que está destinada a alumnos dende os 4 ata os 7 anos. Tamén incluímos a prebanda, materia que inicia aos máis pequeños no mundo da banda, a aula coral e creamos tamén agrupacións de diversos estilos musicais como poden ser a orquestra de jazz ou a aula de música moderna, dando a posibilidade de descubrir a linguaxe musical doutros estilos coma o jazz, blues, rock, etc... o cal enriquece considerablemente tanto a dinámica do centro como a formación musical da comunidade escolar.

## Como é o traballo como director da escola?

O traballo como director é satisfactorio pero esixente xa que comparto as tarefas de dirección coas de docencia, que é a miña verdadeira paixón, nas especialidades de guitarra clásica e eléctrica, baixo eléctrico, aula coral, aula de música moderna e linguaxe musica. Pero intento levar a cabo as dúas tarefas da maneira máis digna posible.

## De onde vén o seu amor pola música?

A miña paixón pola música xorde aos 8 anos cando me inicio no colexio Santa Rita de Galdo na actividade extraescolar de música da man do actual director do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, Antonio

de guitarra clásica no Conservatorio de Viveiro e trasladándome á Coruña para cursar o Grao Superior rematando con matrícula de honra. Aínda que á marxe da guitarra clásica, levo moitos anos formando e compartindo proxectos musicais de diversos estilos, o que me enriqueceu notablemente como músico e persoa.

## Como é esta Escola?

Penso que a particularidade desta escola foi dende os seus inicios o ambiente familiar e próximo que quedou impregnado na comunidade escolar grazas ao seu fundador Arcadio, e que intentamos seguir transmitindo cada un dos docentes, polo que moitas xeracións consideraron este centro como a súa casa. De feito hai moitos alumnos que marchan



Álvarez Neira. El foi o encargado de introducir na miña persoa o disfrute e a paixón por este arte. Paixón que me leva acompañando durante 33 anos rematando o Grao Profesional

estudar fóra e cada vez que teñen a oportunidade de achegarse nunca falla unha visita ou unha colaboración onde faga falta, o cal é moi satisfactorio non só no ámbito escolar

senón tamén no ámbito persoal.

## Como se fose unha familia?

Si, penso que conseguimos crear unha comunidade escolar e musical que vai máis alá da idade e que consegue que todos os usuarios se relacionen de xeito estreito e compartan experiencias a través da música, o cal nos satisfai enormemente.

## Que proxectos de futuro teñen pensados durante o ano 2024?

Para un futuro desexamos que o proxecto que estamos a levar a cabo, no que quero destacar ademais da entrega do corpo docente o apoio do Concello, poida ser un proxecto sólido e con moitos anos máis por diante. Intentaremos afianzar o incremento que experimentou o centro durante estes anos impulsando e nutrido as especialidades que agora mesmo necesitan de máis cariño na maioría dos centros musicais como son as especialidades de vento e no cal xa estamos a traballar. Iniciamos un proxecto dende a escola para os pequenos que aínda non comezaron cun instrumento, contacten con instrumentos de vento accesibles, e a verdade, é que está tendo moi bo resultado xa que a matrícula incrementouse considerablemente nas especialidades menos demandadas o cal nos alegra moito.

## Que actividades teñen?

A actividade musical do centro é

bastante dinámica dentro das posibilidades. A comezo de curso organizamos o Novembro Musical en honor ao día de Santa Icí, pero facémolo nun ciclo de 4 semanas onde participa a aula de música moderna agrupada nos distintos Combos da Escola. En decembro ten lugar o Festival de Nadal da Escola de Música onde participan as aulas de música e movemento, a aula coral repartida en tres agrupacións corais, a prebanda e a orquestra de jazz. Tamén colaboramos durante as datas festivas de Nadal a dinamizar as rúas do concello. No mes de febreiro teñen lugar as audicións do cuadrimestre onde os alumnos de cada especialidade mostran os avances co seu instrumento. Fai uns anos decidimos tamén realizar no mes de abril algunha actividade benéfica, ben sexa para algunha entidade do propio municipio ou para entidades que o solicitan como poden ser Acnur, Médicos sen fronteiras, etc. En maio organizamos o chamado Maio de Combos onde cada fin de semana do mes levamos á rúa unha agrupación da aula de música moderna nunha contorna privilexiada como é o paseo da Ribeira, xusto a carón das nosas instalacións. E xa a piques de rematar o curso organizamos as audicións e o festival de fin de curso.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

**8 MARZO**

19:00  
**Concentración e Manifesto**  
diante do Concello de Foz.  
Lectura alumnado IES de Foz

20:30  
**Teatro "Cigarreiras"**  
Compañía Contraproducións na Sala Bahía  
(En colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Foz)

**10 MARZO**

12:00  
**Teatro familiar: "Asemblea Xeral"**  
Compañía Sarabela Teatro na Sala Bahía. (En colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Foz)

**12 MARZO**

18:30  
**Contacontos "Rapazas de Conto"**  
de Mariña Irimia no Salón de actos da Casa da Cultura Poeta Manuel María

**17 MARZO**

de 11:00 a 13:00  
**Obradoiro pola igualdade**  
(a partir de 3 anos) na Sala Bahía

**ABRIL**

«Exposición sobre a trata de mulleres»  
no Centro de Interpretación da Mariña (CENIMA) en colaboración coa Aula Universitaria da UNED de Foz

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

FOZ

M

Concello de Foz

## A tradicional Feira das Maulas de Galdo non se celebrará este ano

O Concello de Viveiro comunicou que este ano non asumirá, coma noutros anos, de forma excepcional a organización da Feira das Maulas. Esta tradicional Feira de Galdo sempre foi organizada pola asociación de veciños, coa colaboración do Concello de Viveiro, para a cal “o Concello achegaba uns 7.000 euros, xa que non era posible asumilo por parte da asociación de veciños”, sinalan dende o Goberno local.

Este ano, o Concello falou coa asociación de veciños para explicarles que non podía asumir o custo íntegro da organización da feira, e a “asociación tampouco pode facerse cargo, polo que decidiu que non se celebra este ano”, din.

A Feira das Maulas naceu como unha feira franca ou libre, na que os veciños de Galdo vendían aparellos de labranza, gando, pan, viño, panos ou froita.

## Presentan o proxecto para minimizar o risco de inundacións en Xunqueira

O equipo de Goberno de Viveiro coñeceu en Augas de Galicia o proxecto definitivo para executar as actuacións que contribúan a minimizar o risco de inundacións en Xunqueira.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e o segundo tenente de alcaldesa, Jesús Fernández, xunto á deputada provincial Pilar García Porto, asistiron a unha reunión en Santiago para coñecer a redacción definitiva do proxecto.

“Un día importante para Viveiro, despois de varios anos de espera temos por fin o proxecto”, explica María Loureiro. O orzamento das obras é de 980.000 euros, dos que Augas de Galicia asumirá 600.000 euros, e o resto entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro. As tres administracións asinarán un convenio para executar os traballos.

O proxecto da Xunqueira contempla un conxunto de actuacións que pasan, entre outras, polo aumento e naturalización do leito do río, construción dunha pasarela de acceso alternativa, reforzar as cimentacións que foron danadas, ampliación das dúas pontes, fonte, eliminación de edificios e ruínas pegadas ao leito do río, e relocalización do lavadoiro.

## Viveiro conta cunha nova asociación, Colonias Rueiras



Viveiro conta cunha nova asociación, Colonias Rueiras, que se adicará á xestión das colonias felinas da vila coa colaboración e coordinación da Concellería de Medio Ambiente e de Protección Civil.

En base á nova Lei estatal de Benestar Animal, o Concello ten a obriga de xestionar a situación dos gatos que viven na rúa. Dita xestión será, así mesmo, desenvolvida a través da ordenanza municipal de Protección e tenza de animais.

Con esa finalidade, e coa colaboración da cidadanía mediante a asociación, a Tenencia de Alcaldía, a través da Concellería de Medio

Ambiente, comeza cos traballos correspondentes, identificando tanto ás colonias como ás persoas alimentadoras autorizadas.

A primeira actividade da asociación foi o programa educativo ‘Coñece ó gato comunitario’, no colexio de Celeiro. O programa vén acompañado dunha campaña de concienciación para darse a coñecer, na que se prevé que colaboren todos os centros educativos do municipio.

A tenente de alcaldesa Míriam Bermúdez sinala que “é importante ter en conta que, unha vez aprobada a nova ordenanza, non se poderá alimentar aos gatos sen ter o carné que autoriza a facelo”.

## Por Viveiro pide crear un paseo do Resurrection Fest con lousas conmemorativas

O Grupo Municipal Por Viveiro presentará unha moción para debater no vindeiro Pleno municipal para realizar un paseo do festival Resurrection Fest na avenida Ramón Canosa.

Así, propoñen a creación dende o comezo da avenida Ramón Canosa diante do Gadis, e ata o Porto de Celeiro, dun paseo do festival Resurrection Fest, “coa instalación de lousas conmemorativas dos grandes grupos que teñen pasado polo festival nas súas distintas edicións, que pode servir de atractivo turístico e activación do paseo a Celeiro para o resto do ano”.

Así, engaden que para o deseño das lousas conmemorativas podería realizarse cun concurso de ideas e para o desenvolvemento do mesmo, o Concello solicitará a colaboración da empresa organizadora do festival.

Por outra banda, pedirán unha



explicación sobre os motivos da instalación duns valos na Praciña da Herba, da función que cumpren e de se ten previsto proceder a retirada dos mesmos. Afirmen que os valos instaláronse no verán do ano 2022.

Ademais, tamén pedirán explicacións polas xestións realizadas e polo prazo se marca para a implantación das rutas de Camións escolares seguros para o Ceip Lois Tobío.

## A Semana Santa conta xa con cartel anunciador

O cartel da Semana Santa de Viveiro e o programa ADRAL 2024 xa foron presentados no Concello mariñao coa presenza da deputada pola comarca da Mariña, Carmela López.

López destacou que a Deputación de Lugo colabora coa celebración da Semana Santa de Viveiro cunha achega de 25.000 euros, “dende o convencemento de que é unha obriga cara a conservación do noso patrimonio e as nosas tradicións. Unha herdanza moi rica que temos que manter viva, pero tamén unha fonte de desenvolvemento para Viveiro e para o resto da nosa comarca e da provincia”.

O cartel deste ano é unha imaxe da procesión da Misericordia antes de chegar á Porta de Carlos V para adentrarse no casco histórico de Viveiro na madrugada do xoves ao venres Santo. A fotografía é de Dani Caxete, un artista multidisciplinar de Celeiro.

“É imposible ser de Viveiro e non emocionarse ao ver o



cartel deste ano. Con esta elección, a Xunta de Cofradías volve apostar ademais por un artista local”, asegurou a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

“Un ano máis, é emocionante pensar que xa queda tan pouco para vivir nas rúas de Viveiro o sentimento que acompaña sempre á nosa Semana Santa, agradecendo o gran traballo que vén facendo desde hai meses a Xunta de Cofradías para que todo saia ben”, engadiu Loureiro.

## O PP alerta de que o 100 % do cadro de persoal da Policía Local acábese de poñer de baixa



O PP de Viveiro alerta de que o 100 % do cadro de persoal da Policía Local acábese de poñer de baixa. Para a voceira desta formación, Mariña Gueimunde, subraia, “cómpre depurar responsabilidades e incluso que se produzan dimisións no equipo de Goberno”, pois “estamos ás portas da Semana Santa -época na que a cidade se enche de visitantes- e non dispor de efectivos nin pola tarde, nin pola noite é un auténtico perigo”.

“A totalidade do persoal presen-

tou a baixa por sufrir cadros de ansiedade e depresión por mor da situación que están a pasar dende hai tempo, tal e como advertiron en reiteradas ocasións”, di Gueimunde

Segundo explica, a drástica situación deste servizo non se debe ás retribucións, nin á falta de axentes que suplen con profesionalidade e dedicación, senón a que “non se senten dignificados no seu traballo, nin apoiados polo Goberno local nas súas queixas e reivindicacións”.



# Adxudican as obras de humanización da rúa viveirense do Porto de Celeiro

O Concello de Viveiro adxudicou as obras para a humanización da rúa do Porto do Celeiro, unha transformación integral que comezará nas próximas datas e inclúe a pavimentación e renovación de todos os servizos da rúa. A empresa adxudicatária é Xestión Ambiental de Contratas.

Grazas ás xestións realizadas pola alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, a Deputación de Lugo aporta unha achega de 544.563,82 euros, mentres que o concello aporta 136.140,96 euros. O orzamento total é de 680.704,78 euros.

Trátase dun proxecto que abarca unha zona moi ampla no cruce formado pola rúa Lavandeiras, a LU-P-6612 e a rúa do Porto de Celeiro, acceso principal de vehículos e peóns á fachada marítima de Celeiro.

O proxecto contempla o movemento de terras e demolicións; pavimentación de beirarrúas e zonas de aparcadoiro; a reposición da rede de saneamento, pluviais,



abastecemento e alumado público; así como a canalización da electricidade, as telecomunicacións, a dotación de xardinería, mobiliario urbano e sinalización horizontal e vertical da zona.

“É unha obra imprescindible para mellorar a mobilidade e a accesibilidade dos veciños e veciñas de Celeiro. Mantendo o espírito e a esencia mariñeira tan característica da zona, levaremos a cabo unha renovación integral dunha das áreas máis dinámicas do con-

cello, renovando os seus servizos e cumprindo as demandas veciñais”, engade Loureiro.

**ZONA DE BAÑO.** A Consellería de Sanidade incluíu a praia de Celeiro nos controis do Programa de vixilancia sanitaria de zonas de baño da Comunidade. Segundo recolle a comunicación, estes controis do programa de vixilancia sanitaria teñen por obxecto recompilar datos para decidir a súa inclusión no censo oficial nas vindeiras tempadas.

## Remata a nova ordenanza de uso das praias coa presenza de mascotas

A Concellería de Medioambiente elaborou a nova ordenanza de uso e aproveitamento das praias que será levada ao Pleno ordinario do mes de marzo para a súa aprobación. A ordenanza regulará, entre outras cuestións, a presenza de animais nas praias na tempada de baño, entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, permitindo o acceso a cans entre as 21.00 horas e as 09.00 horas da mañá. Así como establece a praia de Seiramar como areal de uso compartido, no que a presenza de mascotas estará permitida en calquera horario.

A ordenanza evita a prohibición de acceso dos cans e contempla sancións para as persoas que leven as súas mascotas ás praias que non sexan de uso compartido fóra dos horarios establecidos.

“Esta regularización fai posible a convivencia”, explica Míriam Bermúdez.

Ademais disto, a ordenanza regula a habilitación de canles de acceso á praia tanto en Covas como en Area, que permitirán que as embarcacións que hai fondeadas poidan acceder dende o mar ao areal. Regúlanse tamén a limpeza, as actividades e instalacións temporais, a vixilancia o salvamento e socorrismo, a pesca, a circulación de vehículos, a acampada, as embarcacións, a práctica de deporte, as cacharelas e o ruído.

## Aberta unha consulta veciñal para definir os usos e os servizos do parque de Pernas Peón

A tenenta de Alcaldía do Concello de Viveiro, Míriam Bermúdez, abre un proceso de consulta e participación veciñal a través dun cuestionario para definir “os usos e os novos servizos do parque Pernas Peón”.

A próxima semana daranse os primeiros pasos de revitalización do parque, “comezando polo arranxo do firme dos camiños, en terra batida e coa novidade de que irá apelmazada cunha leve forma de cunca, o que favorecerá a evacuación das augas mantendo o firme máis seco e cunha

maior durabilidade dos camiños en bo estado”, explica Míriam Bermúdez. Agora, a tenenta de Alcaldía lanza “un cuestionario para que a veciñanza poida participar da decisión dos futuros usos do parque Pernas Peón”.

No cuestionario, pódese opinar sobre as súas preferencias, se desexarías máis zonas infantís os espazos con equipamento deportivo, que modalidades deportivas prefires ou que farías coas árbores, tendo en conta os informes que falan do seu mal estado ou da presenza de pragas como a Procesionaria.



**MARCHAS PROCESIONAIS.** O xurado do II Concurso de composición de marchas procesionais Blas García Liz elixiu entre as 14 marchas presentadas nesta edición como gañador a Miguel Ángel Ruiz, natural de Iniesta (Cuenca) coa súa marcha ‘Ecce-Homo de los Franceses’.

## Aprobada a terceira prórroga do contrato da electricidade



O Goberno local levou ao Pleno a terceira prórroga do contrato da electricidade que fixaba un máximo de 752.070 euros pero que no ano 2023 disparouse o que fixo que o concello teña unha débeda de 300.000 euros en facturas de electricidade sen pagar.

Segundo o Partido Popular de Viveiro o “Goberno local tivo desde outubro 2023 para buscar solucións a este problema, e non o fixo”. A esta moción PSOE, BNG e Por Viveiro votaron a favor.

Na orde do día tamén figuraba unha modificación do Regulamento Orgánico Municipal coa intención de duplicar os tempos das intervencións nas sesións plenarias, así como a moción presentaba polo PP sobre habilitar

unha partida orzamentaria que permita pagas as axudas pendentes do 2023 ás asociacións deportivas, culturais e comerciais do municipio.

O PP, que votou a favor da súa propia moción, dixo que “nós cremos que pode haber unha fórmula de orzamento cun presuposto prorrogado”. O concelleiro de Fazenda explicou que “a proposta non é viable por non dispoñer de financiamento nestes momentos ao estar cos presupostos prorrogados”. O PSOE e BNG votaron en contra e Por Viveiro abstívose.

Así mesmo, o PP e a tenente de alcaldesa, coincidiron en que “haberá que facer un plan estratéxico de subvencións e facer un reparto equitativo”.

## O Concello pide unha maior colaboración no depósito de enseres e residuos nas vías



O Concello pide á veciñanza do municipio unha maior colaboración no depósito de restos e residuos na vía pública. Dende a empresa FCC sinalan que recollen enseres sen aviso previo nunha media de 25 a 30 localizacións cada semana, ademais dos que si están axendados.

A tenenta de alcaldesa e concelleira de Medio Ambiente, Míriam Bermúdez, lembra á veciñanza que “a recollida de enseres e residuos é gratuita e na propia casa, só hai que avisar previamente chamando ao 697 16 26 37 ou escribindo a ese mesmo número por Whatsapp”. “O depósito sen previo aviso ou incorrecto de restos repercute nunha

estética pouco coidada da vila, e resulta especialmente grave o depósito de residuos no monte cando se dispón deste servizo gratuito”, sinala Bermúdez.

Dende a Concellería de Medio Ambiente estase traballando na Ordenanza de Convivencia e Residuos para exercer un maior control sobre estas situacións, recollidas na mesma como sancionables.

A nova ordenanza sancionará o abandono de residuos con multas de entre 50 e 70 euros para infraccións leves, de entre 751 e 1.500 euros para as graves, e de 1.501 euros a 3.000 euros para as moi graves.

## A casa da cultura acolle a mostra de pinturas de Jesús San José Arranz

A sala de exposicións da Casa da Cultura de Burela acollerá unha mostra de pinturas do artista Jesús San José Arranz do 23 de febreiro ao 22 de marzo. Titúlase 'El traje de luces' e inclúe obras pintadas ao óleo con pasamaneira.

A inauguración desta exposición será o venres 23 de febreiro ás 18.00 horas e poderá visitarse de luns a venres de 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 21.00 horas.



## O concello acollerá o primeiro concurso sobre actitudes positivas nas relacións



O equipo de Goberno anunciou o seu I Concurso sobre actitudes positivas nas relacións, cuxas bases serán publicadas proximamente.

O certame estará aberto a rapazas e rapaces entre 12 e 30 anos, que poderán presentar un traballo artístico de calquera tipo sobre a temática sinalada. Valorárase tanto o contido como o tratamento do tema, así como a orixinalidade e a expresión. "Aínda que aproveitamos o día de San Valentín para anunciálo, cremos que o amor ten moitas formas e nada ten que ver co mito do amor romántico", explica o concelleiro de Mocidade e Educación e primeiro tenente de alcaldesa, Mario Pillado.

O obxectivo do certame, explica o edil, é "que a xente moza nos dea unha idea do que deberan ser para eles e elas as relacións, xa sexan de parella, amizade, familiares ou mesmo cos seus maiores".

A iniciativa municipal parte tanto da área de Mocidade, a cargo de Pillado, como da de Igualdade, a cargo da concelleira Sandra Fernández.

"Dámoslle moita importancia ás

relacións de afectividade e a fomentar entre a nosa mocidade que estas se establezan en pé de igualdade, tanto nas parellas como nas amizades ou nas familias, para que tamén lles dean a todas elas a importancia e o valor que merecen no seu día a día", sinala Mario Pillado.

O concelleiro destaca que "dende as áreas de Mocidade e Igualdade cremos que pode ser moi enriquecedor para as rapazas e os rapaces traballar neste eido". "Ademais, o formato do concurso é libre, e nos seus traballos os participantes poden empregar a expresión artística que desexen", engade.

"O que pretendemos deste xeito é dar cabida á participación de toda a mocidade da vila para que amosen as súas inxerencias neste tema, sexa cun debuxo, un texto, un audio, un vídeo, un deseño gráfico, do xeito que queiran e poidan presentar ó concurso", explica Pillado.

"Agardamos que a iniciativa sexa do agrado da mocidade de Burela e que teña unha gran participación", conclúe o edil.

## A Burela solidaria crea almofadas para mulleres operadas de cancro

O Concello quere dar a coñecer a iniciativa 'Corazón Solidario Solidario', na que están a colaborar as mulleres inscritas no curso de bordado que organiza o Concello de Burela e imparte María José Mon.

A orixe desta iniciativa sitúase no ano 2001 nun hospital norteamericano. Alí, unha enfermeira do servizo de Oncoloxía tivo que ser operada de cancro de mama. Foron as súas tías as que idearon unha almofada que se axustaba confortablemente debaixo do brazo, reducindo de maneira notable a dor da incisión, ao non premer o edema orixinado pola intervención.

Dados os bos resultados obtidos, axiña se fixo extensiva a entrega de almofadas a mulleres operadas de cancro de mama noutros países.

Grazas ao esforzo das voluntarias do curso de bordado de Burela, xa se fixeron un importante número de 'corazóns', que elas mesmas van entregar á Asociación Española Contra o Cancro e á Asociación Esperanza, que á



súa vez os entregarán na unidade de Oncoloxía do Hospital da Mariña para que de xeito gratuito os repartan entre as mulleres operadas de cancro de mama. E como a finalidade desta acción é a de facer o maior número posible de 'corazóns', solicitan a colaboración de toda a veciñan-

za de Burela para que lles fagan chegar material co que confeccionar os 'Corazóns Solidarios'. Calquera dos materiais cos que se confeccionan estes coxíns terapéuticos poderán adquirirse en Lanas Pacita, Mercería Paca, Mercería Ajuar, Decoracións Pura e Tecidos Baltar.

## Levantado o veto do cultivo de pataca no municipio



O Goberno local comunicou aos seus veciños que este ano poderán cultivar patacas, unha vez superados os problemas derivados da couza guatemalteca.

Nos últimos anos, Burela viuse afectado pola praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo Tecia Solanivora Polvony. Esta praga levou á Consellería de Medio rural a establecer unhas medidas fitosanitarias urxentes para o seu control e erradicación.

Dado que o Concello de Burela quedou na zona infectada, nos últimos anos prohibiuse o cultivo deste alimento, "pero grazas á responsabi-

lidade de todos os veciños, este ano saímos da zona demarcada como infectada e, por tanto, novamente podemos cultivar patacas", explica a alcaldesa, Carmela López.

Para poder cultivar a pataca, o requisito que se pide é cumprimentar unha declaración na plataforma da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, código de procedemento MR465C.

"Somos conscientes de que poden ser trámites administrativos tediosos e, por iso, dende o concello queremos axudar a todos os veciños que teñan interese en cultivar a pataca a cubrir a declaración", engade a alcaldesa.

## Burela acolleu as primeiras xornadas de formación en Xeoturismo para turismo activo

Burela acolleu as primeiras xornadas de formación en Xeoturismo para guías e empresas de turismo activo. Esta foron organizadas polo Concello en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Mariña dentro do seu Plan de Sostibilidade Turística e nas que participaron 21 profesionais.

"Os asistentes abordaron contidos de interese para comprender os procesos xeolóxicos e as principais manifestacións xeolóxicas que atopamos na Mariña, para así poder ser quen de interpretarlas e dalas a coñecer aos visitantes dun xeito sinxelo, ameno e entretido", sinalou a alcaldesa de Burela, Carmela López.

Desde a Mancomunidade avanzaron que durante o mes de marzo, o día 13 terá lugar a formación para anfitrións e xestores de turismo da Mariña da que se ampliarán detalles nos vindeiros días.

## Estudan as mellores alternativas para recuperar o castiñeiro de Cinoche

O Concello de Burela lamenta os danos sufridos polo emblemático castiñeiro centenario sito no camiño de Cinoche, derrubado polos fortes refachos de vento da borrasca Karlotta.

Esta árbore ten un especial significado, e converteuse nun símbolo representativo desta zona, pois boa parte da veciñanza e turistas, no seu paso pola ruta circular, facían o seu punto de parada nela.

Dende o Concello estanse a estudar as mellores alternativas para tratar de recuperar e preservar esta árbore emblemática,



non só dende unha perspectiva medioambiental, senón tamén cultural e emocional. Pídese á cidadanía que non ma-

nipule nin dane os restos da árbore, de cara a atopar a opción de recuperación da mesma máis viable.

## O Vencello denuncia a perigosidade do acceso ao centro de saúde

Dende O Vencello veñen de denunciar o estado que presenta o acceso ao centro de saúde pola rúa Suafonte e "pedímoslle ao Concello que actúe dunha vez nesa contorna antes de que se produzan máis accidentes de peóns por mor da súa perigosidade".

Esta entrada ao consultorio presenta un "estado lamentable, cunha chea de baldosas levantadas e movidas do seu sitio" que poñen en perigo a integridade dos transeúntes e doentes -fundamentalmente xente maior con mobilidade reducida- que acceden por esta rúa en coche, cadeira de rodas e muletas ás consultas médicas e tamén para recibir os seus tratamentos periódicos (nesa área están asignadas as dúas prazas de aparcamento de acceso ao centro de saúde).

O estado desta contorna é motivo



de preocupación por parte destes usuarios e por iso "levamos dende fai máis dun ano reclamándolle ao Concello en diversas reunións (ao anterior grupo de Goberno e tamén ao actual) que acometa dunha vez por todas os arranxos necesarios para solucionar este problema. Nunha deses reunións se nos dixo que os traballos estaban xa adxudicados,

pero de momento aínda non teñen nada feito", engaden.

**REUNIÓN.** Para abordar este e outros temas que consideran de importancia solicitaron fai xa dúas semanas unha reunión coa alcaldesa, "pero de momento aínda non temos recibido contestación de cando nos recibirá."

## O Concello rematou as reparacións da cuberta do pavillón de Vista Alegre



O equipo de Goberno estivo a realizar obras para reparar a cuberta do pavillón municipal de Vista Alegre, unha actuación cun orzamento próximo aos 45.000 euros.

"O obxectivo dos traballos foron subsanar unhas filtracións de auga que había cando chovía, afectando á pista de xogo", explica o concelleiro de Deportes de Burela, Carlos Méndez.

"Continuamos desta forma mellorando as instalacións deportivas e de lecer do concello, unha prioridade para o noso grupo de goberno", afirma o alcaldesa, Carmela

López. Por motivo das obras, os encontros e adestramentos habituais, entre eles os do Burela FS, tiveron que derivarse a outros pavillóns. Os traballos realizáronse nas datas de Entroido, primeiro pola meteoroloxía, e segundo pola dispoñibilidade dos instaladores e o feito de non haber clases.

Por outra parte, o Concello tamén aproveitou para cambiar toda a rede que rodea as pistas de Infantil e Primaria do Ceip Vista Alegre, dando resposta a unha petición da dirección do centro educativo.

## Varios veciños recadan fondos para cambiar o alumado do cemiterio parroquial burelés

Varios veciños de Burela están a recadar fondos para cambiar o alumado do cemiterio parroquial por un de baixo consumo.

Dende hai anos as luces do cemiterio están apagadas durante a noite, por iso os veciños cren que cambiando as luminarias por unhas de tecnoloxía

Led, o custos de mantelas acendidas sería asumible para a parroquia.

Segundo a veciñanza, o custo da obras será de 580 euros, para o que piden unha colaboración, e polo momento están a poñer 10 euros por nicho.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## EN BREVE

**MUSICAL.** *Coco El Musical Recuérdame* chegará por primeira vez a Ribadeo o vindeiro 4 de maio ás cinco da tarde. As entradas para este espectáculo infantil e familiar xa están á venda. Trátase da grande xira do quinto aniversario deste musical que desde 2018 conta con cheos absolutos nas súas funcións. Xa foi visto e aclamado por máis de 600.000 espectadores nos principais espazos escénicos de España. Da prestixiosa Compañía de Teatro Musical de España e baixo a dirección do mítico actor e director dos grandes musicais de España, Pedro Pomares, deleitarán aos asistentes cun dos grandes musicais dos últimos anos, con voces en directo e cun apaixonante espectáculo que emocionará a toda a familia.

**TAPEO.** Do 20 ao 28 de abril terá lugar o XVII Ribadeo de Tapeo no que participarán ao redor dunha trintena de locais hostaleiros. Os produtos de proximidade seguirán sendo os protagonistas e o prezo da tapa nesta edición aínda non se sabe pero podería ser de 2,50 euros por petisco, para axudar a incentivar a calidade e a creatividade das propostas culinarias.

**APAGA.** A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia iniciou un proxecto europeo sobre hidróxeno verde aplicado principalmente a vehículos con outros catro socios de Turquía, Croacia, Italia e Portugal. A primeira xuntanza de traballo celébrase en Lisboa. O presidente de Apaga, Álvaro Doural, comentou que “neste momento, dentro do proceso de internacionalización que levamos a cabo desde hai uns anos, estamos a poñer en marcha este proxecto de innovación sobre o hidróxeno verde aplicado principalmente a vehículos”.

**AMADORES.** A asociación ribadense Amadores da Música, que preside Elisa Álvarez Amor, convoca a asemblea xeral ordinaria de socios para o día 16 de marzo, sábado, no salón de actos da Casa do Mar, de Ribadeo. Está fixada para as 20.00 horas en primeira convocatoria e media hora despois en segunda. A orde do día inclúe a renovación da xunta directiva do colectivo. Na asemblea tamén se tratarán estes outros asuntos: lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior; estado de contas da asociación; informe de actividades desenvolvidas; informe do director da Banda; e preguntas e suxestións.

## Amigos do Camiño do Mar organiza unha ruta

A asociación Amigos do Camiño do Mar organiza unha ruta de peregrinación ata Santiago polo Camiño homónimo. Realizarase en 13 etapas os domingos e a primeira empezará en Ribadeo o 31 de marzo, cun percorrido aproximado de 22,9 quilómetros polo municipio ribadense e o de Barreiros. A cota de inscrición inclúe os seguros, a camiseta da edición e credencial. Os organizadores desta iniciativa explican que “o principal obxectivo desta acción é promover e divulgar o Camiño do Mar, a antiga vía de peregrinación a Santiago de Compostela que discorría pola Mariña Lucense, Ortegal e Ferrolterra. O Camiño do Mar discorre polos antigos Camiños: francés e real, dos concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón,

Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón e Neda, onde intersecciona co Camiño Inglés ata chegar a Santiago de Compostela. Tras o éxito do proxecto realizado os pasados anos, no 2024 iniciamos a terceira edición do proxecto para dar a oportunidade de volver camiñar polo antigo Camiño de Santiago, hoxe denominado Camiño do Mar, gozar e coñecer o territorio polos que discorre e coñecer algunha curiosidade da súa historia”.

Realizarase durante 13 domingos. Os participantes chegarán cos seus propios medios ao lugar de saída de cada etapa, unha vez alí empezárase a camiñar para chegar ao final de cada etapa, onde haberá un bus que traerá ao grupo ao lugar de inicio.

## Inaugurada a rúa do Pipelo tras as obras acometidas



Foi inaugurada a rúa do Pipelo tras as obras acometidas nos últimos meses nese vello e no aparcadoiro. O investimento ascendeu a 180.000 euros. O alcalde, Dani Vega, subliña a aposta pola conservación do casco histórico e agradece o apoio da Deputación de Lugo. O rexedor contou que “era moi importante que estivera con formigón para contar cunha mellor accesibilidade, tamén o muro da escola infantil, que estaba moi deteriorado”. Vega relatou que “tamén humanizamos a contorna do aparcadoiro con árbores preto dese muro, para que sexa acolledor e renovar o pavimento da rúa do Pipelo. Era fundamental investir para mellorar todo ese formigón mesturado con aglomerado, que era un completo

desastre”. Para o alcalde ribadense “cando se determina que nunha rúa vai haber obras hai que coordinarse con todas as institucións, de cara aos correspondentes permisos, pero tamén cos distintos organismos. Se hai que soterrar o alumeado hai que aproveitar, pero neste caso o que fixemos foi obras no abastecemento de auga e no saneamento para non ter que abrir a rúa dentro duns meses ou duns anos. Agora quedou todo correctamente preparado e isto ten unha inversión moi importante”, e engadiu, que “o Concello sempre ten que pedir ás administracións superiores, que son a Deputación e a Xunta, e elas teñen que corresponder e neste caso a Deputación de Lugo correspondeu”.

## A nova edición do Vendaval Fest será o 26 e 27 de xullo

A vila de Ribadeo acollerá o 26 e 27 de xullo a segunda edición do Vendaval Fest, un pequeno festival ao aire libre que contará con entrada e acampada gratis.

Dende a organización, a asociación sen ánimo de lucro Catro Caños, fixeron público o cartel e este ano participarán La Fuga, O'Funk'illo, Dixebra, Familia Caamagno, Corazones Eléctricos, Baja California, Os John Deeres, Remakers, Superfuzz e The Ninties.

O festival comezará o venres 26 de xullo ás 19.30 horas no recinto principal e seguirá o sábado 27 de xullo coa música en directo en diferentes localizacións do pobo desde o medio día e para continuar a xornada, a partir das 19.30



horas, no recinto principal, volverán os concertos.

Para pechar a fin de semana, o domingo 28 de xullo na praza de Abastos, realizarase un vermú con música en directo e despedir así o festival ata o 2025.

## O BNG denunciou unha fuga de auga no barrio de Santa Cruz

O BNG de Ribadeo denunciou “a deixadez do PP ante unha fuga de auga no barrio de Santa Cruz que se leva producindo desde outubro”.

Nestes días, ante a denuncia dos veciños da zona, acudiron ao barrio de Santa Cruz para ver no propio lugar unha fuga de auga “que se leva producindo desde o mes de outubro, aproximadamente, de xeito diario e constante”.

“Os veciños séntense abandonados

polo Goberno do PP ao facer este oídos xordos sobre esta problemática durante tantos meses”, di o voceiro do BNG de Ribadeo, Pablo Vizoso.

Así mesmo, esta fuga foi reparada polo Concello ás poucas horas da denuncia do BNG. Pero, lamentan “que sexa necesario esperar tantos meses para un problema que, como demostraron os feitos, só necesitaba atención e vontade de solucionarse”, rematou dicindo Vizoso.

## O 17 de marzo será o 2º Concurso PuzzlEO

A vila acollerá o 2º Concurso PuzzlEO Ribadeo para colocar ao pobo no mapa de quebra cabezas desta afección. A cita terá lugar o 17 de marzo de 2024 ás 10.00 horas no pavillón municipal de Deportes de Ribadeo. A modalidade escollida é a de parellas: todas as parellas participantes montarán simultaneamente un quebra cabezas de 500 pezas, igual para todas, sendo a gañadora a parella máis rápida. Dispoñen dun tempo máximo de dúas horas.

Unha novidade neste ano é o concurso para a modalidade infantil, con tres categorías divididas por rangos de idade. Poderán participar nenos de entre 4 e 12 anos e terán que completar quebra cabezas de 100, 200 ou 300 pezas, iguais dentro de



cada categoría. Disporán dunha hora e media para facelo e os gañadores serán os que antes rematen de facer o seu respectivo quebra cabezas. As inscricións deben realizarse a través da páxina web de APUZZ [www.aepuzz.es](http://www.aepuzz.es). E haberá premios e trofeos para as tres primeiras parellas e para a mellor parella local.

# Concello e Xunta traballan para mellorar infraestruturas educativas

O Concello de Ribadeo e Xunta de Galicia traballan para proceder á mellora do peche perimetral e da casa do conserxe do Ceip Plurilingüe Gregorio Sanz, segundo confirmou o alcalde, Dani Vega.

O rexedor dixo que “tras a reforma integral acometida nas instalacións do Gregorio Sanz, que supuxo un investimento dun millón de euros, quedaba pendente o peche perimetral, que ten moitos anos e que precisa dunha importante mellora”.

Vega contou que “a unidade técnica da Xunta de Galicia xa estivo no centro e agora atopámonos no proceso de avaliación dos traballos a realizar, que tamén incluírán o arranxo da casa do conserxe, que é onde se presta o servizo de Madrugadores desde as oito da mañá”.

O alcalde subliñou que “desde o Concello seguimos a traballar con todas as administracións co obxectivo de traer investimentos para Ribadeo. No Gregorio Sanz temos eses traballos pendentes e agardamos poder ter boas novas en breve”.



**CASA DO CONSERXE.** A Anpa A Faxarda do Ceip Gregorio San é a encargada de ofrecer na antiga casa do conserxe os programas Bós días e Boas tardes para que as familias traballadoras poidan conciliar no novo curso escolar.

O programa ‘Bos días’ atende aos alumnos e alumnas que precisen quedar a partir das 07.30 horas da mañá no centro e está concibido coa fin de que os pais e nais poidan conciliar vida familiar e laboral e, ao mesmo

tempo, os nenos e nenas adquiren valores de respecto, igualdade, hixiene persoal, boa alimentación e vida sá.

Despois de observar o seu bo funcionamento implantaron o programa ‘Boas tardes’, a conciliación familiar polas tardes despois da saída das horas lectivas e ata ás 18.00 horas.

A Anpa traballa de forma estreita tanto coa dirección do Ceip Gregorio Sanz como co Concello de Ribadeo para a organización destas actividades.

# Vanse controlar as cortas de madeira no monte grazas a un convenio



Concello e Lugo Madera asinaron o convenio que servirá para controlar de xeito exhaustivo as cortas de madeira no monte e os danos que se ocasionen nos camiños municipais.

O rexedor explicou que “con este convenio comezamos a poñerlle fin á dificultade constante que tiñamos á hora de resolver cando un camiño se estropea por causa da saca de madeira. Non sabemos a ciencia certa si había unha empresa sacando madeira do monte, tiñamos complicado a

maneira de actuar, observábase que había moito tempo que non se depositaban as fianzas e parecíanos que era moi complicado seguir así”.

Vega dixo que “todos os socios, que son practicamente todos os madeiros da provincia, van ter un cumprimento estrito da normativa, é dicir se sacas a madeira e desfás un camiño, Lugo Madera é o responsable de arranxalo e haberá unha app, que nos dirá cando hai un madeiro nun punto concreto do noso concello sacando madeira”.

# AXENDA cultural

## MARZO

**1**  
Teatro. 20:00 h. **BIG BAND do Conservatorio Profesional de Música e Danza de Gijón e BIG BAND da EEMeD de Ribadeo.**

**2**  
Casa do Viejo Pancho. 20.00 h. **Charla-coloquio. Pasado, presente e futuro do forte de San Damián no 400 aniversario da súa construción.** Con **Ernesto Cruzado**, arquitecto; **Patricia Suárez**, arqueóloga; e **Alberto Paraje**, arquitecto técnico e secretario da A. C. de Estudos Históricos de Galicia.

**3**  
Auditorio municipal. 20.00 h. **AVELINO GONZÁLEZ. Contos de contrabando.**

**8**  
Auditorio municipal. 21.30 h. **Celebración do 8 de Marzo. FILLAS DE CASSANDRA** en concerto.

**16**  
Arante. Campoleite SCG. 19.00 h. **Seráns de teatro. A ADALA.** Marina Club.

**17**  
Auditorio municipal. 17.30 h. **OS MONICREQUES DE KUKAS.** Viva Vivaldi! (Infantil)

**ACTIVIDADES EN SEMANA SANTA PARA A INFANCIA E A MOCIDADE.**

**23**  
Casa do Viejo Pancho. 20.00 h. **Conferencia: Los guardianes del mar. Homenaje a los torreros de los faros. Enrique Pérez-Campoamor Miraved.**

**27**  
Igrexa parroquial. **Concerto de Semana Santa. BMMR.**

**30**  
Escola de Vilaselán. 19:00 h. **Seráns de teatro. A ADALA.** Marina Club.

# O Ceip Gregorio Sanz, mergúllase na prensa

Desenvolveron diversas actividades pola Semana da Prensa o cal serviulles de reflexión e de estímulo para o futuro

Co gallo da Semana da Prensa, que se celebra no mes de marzo, os alumnos do Ceip Gregorio Sanz de Ribadeo están a aprender e percorrer as diferentes seccións que compoñen un xornal. Primeiramente, están a analizar se a prensa recolle noticias sobre a súa propia vila, xa que este ano o centro de interese é Mergullándose en Ribadeo, para que o alumnado coñeza tanto a ría de Ribadeo como as parroquias que compoñen o propio Concello.

Así mesmo, observan o valor que se lle dá á muller na prensa, localizando as novas nas que elas son protagonistas, xa que nesta primeira semana de marzo celébrase, o 8 de marzo, o Día Internacional da Muller.

“Parécenos axeitado levalo a cabo traballando cun xornal próximo, da comarca e que estea escrito totalmente en lingua galega”, di unha das mestras que colabora na actividade. “De súpeto alguén dos nenos preguntou se todos os xornais eran así, polo que outra das actividades que estamos a levar a cabo é comparar diferentes xornais impresos e tamén



a prensa dixital coa prensa escrita”, engade a coordinadora do proxecto. Así, o alumnado estase a divertir lendo, investigando e converténdose en xorna-artistas, e entre as diferentes actividades que fan atópanse a lectura das novas dun xornal impreso e dun medio dixital as cales están sendo analizadas detidamente para sacar conclusións. Máis tarde, tamén terán a oportunidade de coñecer e

visualizar as diferentes seccións que conforman o xornal e pensar como cambiarían ou farían eles. Cabe destacar que estes pequenos investigadores estudan as preferencias entre formato papel ou dixital e cantos xornais hai en lingua galega e en castelán e a súa proporción ou que teñan algunhas novas en galego.

Tamén na súa tarefa como xorna-



artistas reescriben noticias partindo das que len e inventan titulares e noticias.

Por outra banda e para darlle unha segunda vida á prensa escrita, están a realizar creacións con anacos de papel para así contribuír ao respecto e ao coidado co medio ambiente.

Os pequenos participantes desta curiosa actividade destacan a inmediatez da prensa dixital fronte a escrita,

a rapidez de publicación ao non precisar imprenta, e a accesibilidade ás novas dende calquera soporte dixital como son o móbil, a *tablet* ou o ordenador.

Esta iniciativa partiu do equipo de Biblioteca en coordinación co equipo de Dinamización Lingüística e os representantes do resto de equipos coas aportacións realizadas polo claustro.

## O 11 de marzo dará comezo unha nova recollida dos plásticos agrícolas

O vindeiro 11 de marzo dará comezo unha nova recollida porta a porta dos plásticos agrícolas en Ribadeo. O concelleiro de Medio Ambiente, Diego dos Santos, explicou que “o 11 de marzo comezará a recollida porta a porta dos plásticos agrícolas (servizo contratado polo Concello de Ribadeo á empresa Ascan Servicios Urbanos, S.L.). Esta recollida vaiase prolongar durante os días que sexan necesarios para atender todos os avisos de recollida recibidos en tempo e forma”.

O edil ribadense indicou que “para asegurar que o servizo se preste nas condicións idóneas, todas as explotacións que precisen a recollida procurarán ter os plásticos en lugar adecuado e facilmente accesible para o camión de recollida e solicitarano a través do teléfono do Punto Limpo municipal, 664 000 932, dentro do seu horario, que é de luns a venres de 9 a 13 horas e de 16 a 18.30 horas e os sábados de 9 a 13 horas. Poden facelo ata o venres 8 de marzo”.

Dos Santos engadiu que “dende a Área de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo agradeceríamos a máxima colaboración posible con este servizo, principalmente á hora de dispoñer convenientemente os plásticos no lugar de recollida”.

## Unhas 445 persoas censáronse na vila desde xuño do 2023



Un total de 445 persoas censáronse en Ribadeo desde o pasado mes de xuño. O Concello supera os 10.100 veciños. Para o alcalde, Dani Vega, trátase dun dato moi importante.

O rexedor indicou que “Ribadeo segue medrando e os datos así o reflicten: 445 novas persoas censadas en Ribadeo. É un dato moi positivo, o mellor de toda a provincia e é un dato para seguir avanzando, medrando e traballando para que Ribadeo siga en ascenso. Isto animámonos a continuar avanzando”.

Vega subliñou que “o dato ten como partida o pasado 17 de xuño ata o día de hoxe. Son 445 novos censados en Ribadeo, dos que 237 son mulleres e 208 son homes. Entón sumamos 10.141 veciños en Ribadeo”.

O alcalde agradece que estas persoas elixan Ribadeo para vivir: “moi agradecidos de que escollan Ribadeo para vivir, para iniciar o seu proxecto familiar ou empresarial. Moitos atoparon novos traballos en Ribadeo e outros decidiron emprender o seu proxecto económico aquí. Trátase dunha moi boa noticia, que nos anima a seguir avanzando e traballando porque Ribadeo ten moito que ofrecer e aportar e sen lugar a dúbidas Ribadeo é ese pobo acolledor, que recibe a todo o mundo. Ribadeo é esas portas abertas, que sempre dicimos que están abertas para acoller a aquela persoa que decida emprender o seu proxecto familiar, o seu proxecto de vida aquí no noso pobo, no noso Ribadeo”.

## O Plan Único mellora once parroquias do interior e da costa

O equipo de Goberno está a actuar en once parroquias do interior e da costa. Faino en colaboración coa Deputación de Lugo, a través do Plan Único. O investimento ascende a máis de 360.000 euros. O rexedor indicou que “nestes momentos estamos a actuar no interior en Ove, Covelas, Cedofeita, Arante, Santalla de Vilaousende e Couxela. E na costa en Vilaselán, Piñeira, Vilaframil, Rinlo e A Devesa”. Vega dixo que “ neste Plan Único, que é tan importante para nosou-

tros, estivemos perfeccionando certas cuestións, tamén formigonando naqueles puntos máis estreitos e máis críticos. Viámolo necesario e en colaboración cos veciños estamos a investir nun plan de infraestruturas necesario”.

E engadiu que “é verdade que neste momento estamos a traballar en dous plans máis. Avanzamos a bo ritmo para seguir mellorando a rede de infraestruturas do noso concello e das nosas parroquias”.



**PREMIOS DE NADAL.** Na Biblioteca El Viejo Pancho, de Ribadeo, foron entregados os premios aos gañadores do Certame de Poesía de Nadal. Nove pícaras e pícaros, que “son as escritoras do futuro”, recibiron os seus agasallos de man da concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo e das compoñentes do xurado. A edil felicítounos, animounos a seguir escribindo e desexoulles moita sorte para a fase provincial.

## Comezaron os traballos de demolición parcial da estrutura da Atalaia



O Concello inicia este ano 2024 acadando un obxectivo ambicioso perseguido desde hai anos, que é o de recuperar totalmente a zona da Atalaia.

Neste senso, deron comezo os traballos de demolición parcial da estrutura que fora levantada no ano 2007 que acadará a proporcionalidade e a altura acorde ás construcións da zona, unhas dimensións idóneas para poder facer un aproveitamento do espazo no que está proxectado o futuro Centro Arqueolóxico da Mariña.

A rexedora, Dolores García Caramés, foi testemuña “deste día importante no que damos un paso de xigante para culminar o noso obxectivo de recuperar a panorámica de toda esta zona”.

A alcaldesa explicou que o orzamento destes traballos ascende a 120.239,12 euros, e tamén quixo apuntar que a pesar da envergadura da actuación, o día a día da veciñanza que habita na zona apenas se verá afectado, “a obra vai influír minimamente no tráfico rodado e peonil, polo que nos apuntan os técnicos”.

O volume total a demoler ascende a 5.548,71 metros cúbicos, e na estrutura aproveitaranse os sotobos como aparcamentos e tamén para uso municipal; a demolición controlada farase en sentido descendente e empregárase a maquinaria habitual para este tipo de traballos e tamén robots manexados a distancia, para minimizar o impacto acústico e ambiental.

## Convocado un concurso para o cartel da Maruxaina 2024

A asociación Amigos da Maruxaina convoca o concurso para o cartel da festa da Maruxaina 2024, que este ano se celebrará o 10 de agosto.

Neste certame poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os membros da directiva da Asociación Amigos da Maruxaina. Cada concursante poderá presentar un máximo de dúas obras, sendo condición indispensable que sexan inéditas.

Deberán incluír o texto “Maruxaina, San Ciprián, 10 agosto 2024, Declarada de Interese Turístico Galego”. E o tamaño do orixinal será A4, sempre en posición vertical, en branco e negro e non hai normas para o tipo de letra empregada.

Os cartéis presentaranse en tamaño orixinal, sen firma do autor ou autora, e baixo un lema ou pseudónimo que figurará escrito na parte posterior do cartel, e acompañado dun sobre pechado en cuxo exterior figurará o mesmo lema ou pseudónimo

do cartel. Dito sobre conterá os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, enderezo, cidade e número de teléfono do autor ou autora.

O lugar de entrega das obras será a casa da cultura de San Cibrao, situada na avenida da Mariña, nº 60, en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas. A data límite de recepción é o venres 10 de maio de 2024 ás 14.00 horas. Para os cartéis que se fagan chegar por servizo de correos a data límite do selo postal será o día sinalado anteriormente.

O premio é de 150 euros para o cartel gañador, que será a imaxe da festa. Entregarase o venres 9 de agosto de 2024, nun acto presencial en San Cibrao. A asociación poñerase en contacto co gañador ou gañadora inmediatamente despois do fallo do xurado.

O xurado estará composto por 9 persoas, que son as que forman a directiva da Asociación Amigos da Maruxaina.

## San Cibrao acollerá unha nova edición da Foliada Nordestía

San Cibrao acollerá o sábado 23 de marzo unha nova edición da Foliada Nordestía e que este ano chega a súa oitava edición. A cita está organizada por A Rebolaxe coa colaboración económica e de material, do Concello de Cervo.

Esta cita comezará ás 12.00 horas cos cantos de taberna o que dará paso ao xantar popular ás 15.00 horas. Xa pola tarde, ás 19.00 horas haberá obradoiros, e a partir das 21.30 horas, comezarán os concertos na praza dos Campos de San Cibrao. Este ano contarán con Brúa, Tanto nos ten e a Banda Xangai.



## En marcha Arruguiñas, dirixido á poboación maior de 60 anos



O Goberno local deseñou un novo programa dirixido especialmente á poboación maior de 60 anos baixo o título Arruguiñas.

A iniciativa artéllase sobre catro piares fundamentais: taller de memoria, móvete, actívate e talleres terapéuticos; todas estas propostas compoñen unha iniciativa transversal pensada para este nicho de poboación co obxectivo de contribuír a dinamizar o seu día a día, e de que se manteñan activos e activas social, físico e mentalmente.

A asociación Saúde Mental A Mariña impartirá algúns dos talleres terapéuticos que terán lugar cada venres, na Casa do Mar, en horario de 16.00 a 17.00 horas. Entre os obradoiros previstos para os próximos meses con esta asociación están un taller de resina, un téxtil, un de elaboración de xabóns artesanais e un de deseño de cadernos e axendas.

Ademais, o programa contempla un taller de memoria no

que se traballarán técnicas e estratexias e que terá lugar, inicialmente, na biblioteca de Cervo, os martes e xoves de 16.30 a 18.00 horas; e en San Cibrao, os luns e mércores de 17.00 a 18.30 horas na Casa do Mar. Tamén se levarán ás outras parroquias se se cumpre o mínimo de 6 persoas inscritas.

Por outra banda, ‘Actívate’ terá lugar cada martes na Casa do Mar, cada martes, en horario de 11.30 a 12.30 horas con talleres de manexo das novas tecnoloxías, de mentes e emocións, de actividades sociocognitivas ou de envellecemento activo. Ademais Arruguiñas tamén inclúe o programa ‘Móvete’, co fin de favorecer a incorporación de exercicios á rutina diaria. Será os luns e mércores, de 9.30 a 10.30 horas, na Casa do Mar.

E un martes ao mes terá lugar a iniciativa charlando, que serán encontros informais e didácticos con profesionais de diferentes sectores da sociedade.

## Leváronse a cabo actuacións de conservación nos treitos do río Xunco

Comezouse a conservación e limpeza nos treitos interurbanos do río Xunco, no concello de Cervo. Estas intervencións estanse a desenvolver nos percorridos destes ríos ao seu paso polas parroquias de San Román de Vilaestrofe, Sargadelos e Cervo.

As actuacións desenvólvense en distintos treitos que suman unha lonxitude total que acada os 3,7 quilómetros.

As tarefas céntranse na retirada de árbores e pólas caídas na canle, así como madeira morta para evitar atoaamentos. Unha vez finalizadas estas actuacións, o río quedará despezado de maleza, posibilitando así a circulación fluída das súas augas.

Augas de Galicia desenvolve estas accións no marco do programa de mantemento, conservación e mellora do dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa e as súas zonas de acceso e protección. Os traballos contribúen á mellora dos leitos fluviais para acadar condicións naturais do ecosistema que favorezan os aspectos medioambientais e de uso social na contorna dos ríos.

## Entregáronse as árbores froiteiras e autóctonas á veciñanza de Cervo

A rexedora de Cervo, Dolores García Caramés, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, fixeron entrega das árbores froiteiras e autóctonas aos veciños e veciñas que quixeron participar neste pedido conxunto, que dende o Concello se leva tramitando dende hai varios anos.

Tal e como apuntou Carmés no salón de actos, con iniciativas coma esta o que “pretendemos é abrir camiño á veciñanza para que as súas leiras sexan cada vez máis produtivas”.

O ter tramitado o pedido conxunto supón, ademais, “un importante aforro aos veciños e ás veciñas que solicitaron as árbores”, que nesta ocasión foron especies moi variadas: maceiras, pereiras, cerdeiras, castiñeiros, ameixeiras, pexegueiras, marmelos...

O número de exemplares entregados nesta ocasión foi de 145 árbores solicitados por unha vintena de veciños e veciñas.

## A Concentración Mototurística N-634 xa ten programa festivo



Mondoñedo volverá acoller unha das concentracións moiteiras máis antigas de toda a comunidade. No Concello terá lugar unha nova edición da Concentración Mototurística N-634 Cidade de Mondoñedo os vindeiros días 16 e 17 de marzo.

Nesta ocasión, a cita reforza a súa relevancia e chega a súa XXXIII edición, tras varios anos ofrecendo unha programación a base de ceas, música, xogos, desfiles polas rúas da localidade e varios sorteos.

A Invernal de Galicia marca o inicio das concentracións moiteiras a nivel autonómico e convértese nunha das primeiras de todo España despois de Pingüinos e Motauros.

Así, o programa comezará o sábado

16 de marzo coa apertura das inscricións ás 12.00 horas, seguida da sesión vermú con Onda Norte. Ás 16.00 horas haberá música a cargo de DJ Zalo, xogos, un toro mecánico, sorteos e agasallos.

Xa pola noite, ás 20.00 horas, será o desfile polas rúas de Mondoñedo e a actuación de Onda Norte, máis tarde farase unha cea de confraternización na Finca San Antonio, e a media noite entregaranse os trofeos e degustarase a queimada popular.

O domingo 17 ás 10.00 será o almuerzo no Rey das Tartas, e ás 11.00 horas comezará a ruta turística que contará con pincho e consumición. Xa ao mediodía será a comida de despedida na Finca San Antonio.

## O Polo de emprendemento acolleu a presentación de proxectos de persoas mozas

O Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Mondoñedo realizou un acto en prol do emprendemento xove. Neste participou o secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, e destacou os máis de 270 proxectos que se teñen atendido nos Polos lucenses, máis de medio cento deles no centro mindoniense. A actividade buscou estimular a creatividade e facilitar o intercambio de ideas, fomentando a exploración de oportunidades de emprendemento. A través de distintas experiencias de persoas mozas en primeira persoa, ábrese así un foro de debate para impulsar a menta-

lidade emprendedora e proporcionar á xente nova unha serie de coñecementos prácticos.

O encontro tamén serviu para dar a coñecer a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, que presta asesoramento individualizado en calquera fase en que se atope os proxectos empresariais, de principio a fin. O obxectivo é facer dos Polos verdadeiros centros de dinamización dos territorios nos que se asentan, sobre todo no rural, converténdolos en auténticos foros de interlocución que permitan recoller as demandas da poboación e dar resposta desde a Administración coa colaboración do sector privado.

## Seguen a bo ritmo as obras de construción da Base Integrada

Seguen a bo ritmo as obras de construción da Base Integrada de Unidades Operativas de Mondoñedo que está situada no parque empresarial. O orzamento ascende a 327.366,48 euros, “ao que lle habería que engadir o 6 % de gastos xerais e o 21 % de iva”, din dende a Consellería de Medio Rural.

As Bases de Unidades Operativas ou BUO son espazos dedicados á defensa do monte que poden funcionar como nodo de todos os axentes participantes na defensa e protección forestal.

Na edificación da BUO de Mondoñedo estanse a usar materiais ecolóxicos e reciclables e coa máxima certificación enerxética. De feito aproximadamente un 20 % é madeira de piñeiro galego.



“Para minimizar o impacto dunha edificación, óptase por fragmentar o seu volume, en dúas ás diferenciadas, unha aberta, e outra consistente nun volume pechado. Outro dos mecanismos de integración é a inclusión de parasois emparados e que voan sobre a paisaxe,

minimizando o impacto do soaleamento na área de comedor e descanso”, engadiron dende Medio Rural.

A base contará tamén cun aparcadoiro exterior cuberto para os vehículos do dispositivo, e no interior terá circuitos de traballo, vestiarios e duchas.

## Claudio Rodríguez, Cunqueiriano de Honra de Mondoñedo 2024



O poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta e investigador, Claudio Rodríguez Fer, recibiu a distinción de Cunqueiriano de Honra de 2024 no Salón de Plenos do Concello de Mondoñedo.

Converteuse, así, no oitavo homenaxeado desde que se instituíu este galardón promovido polo Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro co fin de recoñecer o labor daqueles persoeiros que se teñen significado na visibilización e proxección da figura do escritor mindoniense.

Neste 2024 unha comisión designada polo Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro decidiu premiar a “longa e vizosa traxectoria dun gran coñecedor da figura de Cunqueiro como é Claudio Rodríguez Fer”, explican desde o Concello de Mondoñedo.

A comisión que o elixiu, por maioría,

estivo formada por César Cunqueiro (fillo do escritor), Manuel Lourenzo (Cunqueiriano de Honra do ano anterior), Alberto García Fernández (Concelleiro de Cultura, Educación e Novas Tecnoloxías), Antonio Reigosa (Cronista Oficial de Mondoñedo), Abel Vigo García (Técnico de Cultura municipal), Miguel González Somovilla (xornalista e estudioso da obra de Cunqueiro) e Armando Requeixo (Coordinador de Actividades e Publicacións da CMAC).

Con esta designación, que inclúe unha figura conmemorativa e diploma acreditativo, o Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro consolidan a traxectoria destes nomeamentos, que en anos anteriores recoñeceron o labor de persoeiros como Darío Villanueva, Víctor F. Freixanes, Rexina Vega, César Anonio Molina ou Manuel Lourenzo, entre outros.

**BIOGRAFÍA.** Claudio Rodríguez Fer é un dos máis destacados poetas da literatura galega do último medio século, amais de narrador, dramaturgo e ensaísta e un dos máis recoñecidos galicianistas e hispanistas do noso tempo.

Dirixe a Cátedra Valente de Poesía e Estética e codirixe a revista ‘Moenia’ da USC, onde é profesor. Exerceu tamén a docencia en universidades de Nova York, París e Bretaña e coordina os cadernos ‘Unión Libre’.

Ao escritor mindoniense tenlle dedicado amplos estudos nos seus libros Poesía galega (1989) e Acometida atlántica (1996). Así mesmo, dirixiu o Congreso Álvaro Cunqueiro e a Cultura Europea (1991) e conferenciou sobre o mindoniense en infinidade de congresos e xornadas por todo o mundo.




## Localizado un posible campamento militar romano no Vedro da Fame

Sete novos posibles recintos arqueolóxicos de carácter temporal convierten a Lugo na provincia galega con maior número de restos arqueolóxicos vinculados ás actividades do exército romano. Así o sinala a publicación *Entre valados e piñeirais. Achegas arqueolóxicas ao coñecemento da presenza militar romana na Galicia Nororiental*, que un equipo de arqueólogos e investigadores do colectivo Romanarmy e diferentes universidades acaba de publicar no último número da revista Croa, editada polo Museo do castro de Viladonga. A investigación está liderada polo arqueólogo Andrés Menéndez-Blanco da Universidade de Oviedo.

A publicación agrupa os novos achados en dous grupos, aqueles xacementos que ofrecen unha “fiabilidade alta” e os que se consideran “indicios probables”. Entre os primeiros, atópanse os recintos coñecidos como O Vedro da Fame (A Ermida, Riotorto), A Costa (Arcillá, Cospoite) e As Pardellas (Guillarei, Friol). No segundo grupo, sitúanse o Monte Endemil (San Xoán do Mato / Saa, Palas de Rei), Penoucos (Fonfría / Barbeitos, A Fonsagrada), O Campo da Matanza (O Cádavo, Baleira) e A Lagúa (Airexe, Baleira / Pereira, Castroverde). A diferenza entre os de fiabilidade alta e os indicios probables é en primeiro lugar o seu grao de conservación, que nos primeiros é máis elevado e poden ser encadrados e comparados con outros campamentos ben coñecidos. No segundo caso, a gran intensidade das tarefas agrícolas sobre as estruturas e o grao de degradación do xacemento impide ter o mesmo nivel de certeza, pero os investigadores dan a coñecer “pola necesidade de apelar a elementos cada vez menos conspicuos dentro do rexistro arqueolóxico para responder ás nosas preguntas de investigación”.

A maior parte dos autores da publicación son membros do colectivo Romanarmy.eu, un equipo arqueolóxico enfocado na investigación e difusión da presenza militar romana no noroeste peninsular.

Aínda que o grao de evidencia que teñen os diferentes sitios arqueolóxicos é distinto, os investigadores consideran que estes campamentos seguen a morfoloxía que xa foi documentada noutros recintos militares romanos do noroeste, e que é o resultado da aplicación dun módulo rectangular regular á topografía do lugar no que se establecen. Os xacementos poden clasificarse en dúas categorías que son relativamente abundantes no rexistro arqueolóxico



Recinto do Vedro da Fame en: (A) fotograma do Voo Interministerial, 1985; (B) Voo do PNOA 2020 onde os restos son practicamente inapreciables; (C) visualización Resampling Filter do programa Saga GIS e (D) mapa de pendentes feitos a partir da cobertura LiDAR do PNOA 2009. Boletín do Museo do Castro de Viladonga

co galego: os grandes recintos que rondan ou superan as 10 hectáreas outros campamentos de tamaño medio que se atopan ao redor das 5 hectáreas. Entre os primeiros destaca Vedro da Fame (A Ermida, Riotorto), que con 14 hectáreas de tamaño é un dos meirandes de Galicia. Conta, ademais, con varios lenzos defensivos que definen un anexo na ladeira oeste de 2,6 ha. Polo momento descoñécese se estas defensas foron construídas no mesmo momento ou definen varias cronoloxías. Este feito converte ao Vedro da Fame nun caso único no noroeste peninsular.

**VEDRO DA FAME.** O recinto do Vedro da Fame localízase nunha elevación que separa as bacías dos ríos Eo, ao leste, e Miño, ao oeste. Segundo o estudo, “o estado de conservación é malo, xa que dende os anos oitenta viuse alterada a estrutura parcelaria e avanzaron as plantacións forestais que afectan directamente ás estru-

turas”. Os fotogramas do ano 1985 “feitos no marco do chamado Voo Interministerial aínda amosaban un nivel de conservación e visibilidade excepcionais na maior parte do sistema defensivo”, di o estudo do Museo do Castro de Viladonga. “O uso do espazo previo con aproveitamentos do monte pouco agresivos coa morfoloxía do terreo (pastos, estivadas ou vedros para o cultivo temporal, etc.) permitiron que os microrrelevo sobrevivisen dentro das zarras sen grandes afeccións”. A súa planta, aínda que recorda a clásica forma de naipe, proxecta os seus lenzos norte, sur e leste contra o exterior para integrar posicións elevadas no perímetro defensivo. O eixe maior (NNE-SSO) alcanza así os 437 metros, mentres que o menor ten 367 metros. A particularidade máis salientable deste campamento é a existencia dunha ampliación ou anexo no extremo máis occidental.

## Convocada unha nova edición do concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a sexta edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberta a toda a poboación e co obxectivo de loubar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en adiante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os demais só a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas deberán estar escritos en galego, cunha extensión mínima de oito

versos e unha máxima de 80, con Arial 12pt.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha *tablet* e os adultos terán un premio económico. 300 para o gañador, 200 para o segundo e 100 para o terceiro.

O fallo do xurado darase a coñecer a primeira semana de xuño.

## O PP pide que se axilicen os convenios co Bispado para rehabilitar o Mosteiro

Os edís do Partido Popular solicitaron ao Goberno local poder solicitar aos servizos xurídicos do Goberno de España os informe pertinentes para aclarar a titularidade de diferentes bens e propiedades que o Bispado Mondoñedo – Ferrol quere inmatricular. Os edís populares explican que o pasado 2 de febreiro xa se celebrou unha xuntanza entre os grupos políticos que forman a corporación municipal e a Asociación Patrimonio Laurentino en relación ao expediente de dominio instado polo Bispado Mondoñedo – Ferrol para inmatricular o Mosteiro de San Salvador, o campo dos bolos e varias referencias catastrais máis. “O noso obxectivo é aclarar a situa-



ción destes terreos e bens, pechar os convenios precisos entre Bispado e Concello para traballar pola rehabilitación do inmovible, do seu entorno e do seu uso público en beneficio dos laurentinos”, sinalan.

## O Entroido de Lourenzá será finalmente o 17 de marzo

O tradicional e esperado desfile de Entroido ou Domingo de Piñata de Lourenzá, que foi aprazado polas inclemencias meteorolóxicas, xa conta con nova data de celebración. Así, a data escollida polo Concello e a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Lourenzá é o domingo 17 de marzo.

A inscrición será unicamente no email entroidolourenza@gmail.com ata o venres 15 de marzo de 2024 ás

21.00 horas. A organización confirmará a inscrición sendo preciso que se facilite un teléfono de contacto. Os participantes que xa estaban inscritos non teñen que volver a enviar a folia de inscrición, pero si confirmar a asistencia nesta nova data. A recollida de dorsais a partir das 15.00 horas do 17 de marzo no recinto feiral e a saída do desfile será ás 16.30 horas.

## a pontenova

## Alumnos do IES Enrique Muruais homenaxeán á troita do río Eo

Alumnos do IES Enrique Muruais da Pontenova están a crear unha escultura en forma de troita para homenaxear á popular festividade da localidade.

O presidente do Centro de Iniciativas Turísticas, Francisco Rois, sinalou que “será de 8 metros, 35 centímetros máis que a que hai en Michigan, Estados Unidos, que ten 7,65 metros”. Tamén solicitaron aos artistas encargados da peza que se asemelle o máis posible a unha troita do río Eo, “polo que o ferro estará pintado, branca na barriga, algo amarela e con pintas vermellas polo corpo”, di Rois, “e a cola estará un pouco ladeada para simular que está saltando”.



A obra será inaugurada o vindeiro 30 de abril coincidindo coa celebración do pregón da 44ª Festa da Troita do Concello da Pontenova, declarada de

Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, e estará colocada no paseo á beira do río Eo, á altura do Pozo da Ola.

## A Festa da Troita foi nominada ao Mellor evento Deportivo na III Gala Premios Pesca

A Festa da Troita da Pontenova foi nominada por segundo ano como Mellor evento Deportivo España na III Gala Premios Pesca a Nivel Nacional, que organiza o programa Río de la Vida de Bom Radio.

O encargado de recoller este galardón o ano pasado e este foi Javier Rois, presidente do Centro de Iniciativas Turísticas ou CIT da Pontenova.

Esta cita celebrouse o 2 de mar-



zo na Casa da Música e o Teatro en Arroyo de la Encomienda, Valladolid, e premiou en diferentes ambitos á pesca deportiva, reunindo aos cen mellores pescadores.

Ademais, o famoso escritor francés Guy Roques, que tamén estivo no 2023 na Festa da Troita da Pontenova, foi o invitado de honra e falou sobre a súa traxectoria como pescador e as súas experiencias.

## A segunda edición de Ineco RuralTIC chega ata A Pontenova

A segunda edición de Ineco RuralTIC, o programa de dixitalización do mundo rural desenvolvido por Ineco, a enxeñería e consultoría do Ministerio de Transportes e Movilidad Sostible, desprazárase á Pontenova.

No ámbito social, A Pontenova ten interese en mellorar as habilidades dixitais dos seus cidadáns a través das formacións que Ineco RuralTIC ofrece en materia de comunicación dixital, correo electrónico, mensaxería instantánea, banca e compra en liña, trámites administrativos, seguridade na internet, etc. Na súa faceta de desenvolvemento económico, o programa Ineco RuralTIC permitirá aos nómades dixitais apoiar ás pemes locais con talleres sobre tecnoloxía para pequenos negocios, posicionamento dixital ou tramitacións.

## A 8ª Ruta Ecuestre de Equus Norte celebrarase o vindeiro 13 de abril

A 8ª Ruta Ecuestre organizada por Equus Norte e o Concello da Pontenova celebrarase o vindeiro 13 de abril. O programa aínda non está publicado pero seguramente sexa como o de outras edicións anteriores. O colectivo adoita deixarse ver cos seus equinos por diante da Praza dos Fornos para percorrer con eles lugares próximos ao río e paisaxes naturais polas parroquias e rutas da localidade.

Así mesmo participan en rutas en outros concellos e outras xuntanzas.



## Nova edición do Curso de Música de Semana Santa

Prestoxove, a Orquestra Clásica de Xove organiza como cada ano nas datas da Semana Santa o seu esperado Curso de Música e este ano realizarase os días 23, 24, 25, 26 e 27 de marzo. Estará dirixido por Xan Carballal e este ano chega a súa trixésimo terceira edición.

O martes 26 de marzo será o concerto de cámara ás 18.00 horas no salón de actos do Centro Cívico de Xove, e o mércores 27 de marzo

será o concerto de clausura tamén ás 18.00 horas no salón de actos.

O curso de Música de Semana Santa comezou a súa andaina no ano 1990, coa idea de poñer en contacto aos estudantes co mundo profesional dentro da música. Para levar a cabo este proxecto era preciso contar coa colaboración de profesores cunha ampla traxectoria no mundo das orquestras profesionais.

## O Concello destina máis de 300.000 euros ás asociacións municipais

O salón de plenos do Concello acolleu a máis de medio cento de representantes das distintas entidades, clubs deportivos e asociacións, nunha xuntanza informativa.

María Rego, técnica encargada da tramitación das subvencións, e Fátima López, arquitecta técnica do Concello de Xove, encargáronse de explicar cales son os trámites que hai que levar a cabo, así como a documentación necesaria e os prazos necesarios para tramitar as axudas municipais, para as cales o Concello de Xove destina unha partida este ano de 333.175 euros.

Pola súa parte, o rexedor sinalou que “é unha cantidade económica importante a que cada ano se destina para fomentar o deporte, a cultura, as iniciativas de carácter social e a promover todo tipo de actividades lúdicas para o goce de toda a veciñanza”.

Tamén destacou que a axuda e apoio dende o Concello non é só económica, xa que tamén se proporciona asesoramento, non esquecendo o intenso uso que as distintas asociacións e clubs fan das instalacións deportivo-culturais do Concello dun xeito totalmente grauíto.

## O Concello fixo entrega das árbores froiteiras, forestais autóctonas e ornamentais



O Concello fixo entrega das árbores froiteiras, árbores forestais autóctonas e plantas ornamentais.

Xove, como Concello con moita superficie a solo forestal, ten unha afectación maior que outros Concellos e, por este motivo, moitas parcelas se ven afectadas. Deste xeito damos a oportunidade a todo propietario que teña que cortar poida solicitar árbores autóctonas para repoboar de xei-

to económico e cercano.

A importancia de plantar árbores autóctonas ven dada porque unha vez retiradas as especies prohibidas nesas faixas de protección, que deberán estar limpas, aconséllase repoboar estas especies (castiñeiros, carballos do país, cerdeiras, nogueiras...) de xeito que se diversifica o habitat, se beneficia a fauna e se xenera estabilidade ao ecosistema.

# “As bolboretas son animais que deixan voar a imaxinación”

**Dolores é a presidenta da Asociación Mujeres Bolboretas**

**Como nace a Asociación Mujeres Bolboretas?**

Esta asociación naceu oficialmente en maio de 1990. Eramos todas mulleres novas con cativos pequenos e pensamos que debíamos crear un grupo para as mulleres. Esta foi a primeira asociación de mulleres de toda a Mariña.

**É por que decidiron creala?**

Alcoa alá polo 1978 encargou construír vivendas preto da factoría, para que puideran vivir os empregados e as súas familias. En concreto fixeron a Urbanización de Palmeiro e aquí asentámonos a vivir moitas familias novas, procedentes de distintos puntos da xeografía española.

**Como foi asentarse aquí?**

Comezamos nunha contorna nova e descoñecida, pero pouco a pouco, fomos aproveitando



todo o que esta nova situación nos proporcionaba, como o colexio, as instalacións deportivas e club social.

**Así conseguiron ir facendo actividades, non?**

Si. Fomos organizando e partici-

pando en diferentes actividades escolares e extraescolares, para dinamizar a nosa vida.

De feito, deste grupo de mulleres xurdiron exposicións de traballos que se fixeron ao longo do curso.

**Por que ese nome?**

En principio pareceunos un nome moi fermoso. As bolboretas son animais moi bonitos e deixan voar a imaxinación, coma nós.

**Quen a conforma?**

Agora mesmo somos 43 mulleres de toda a Mariña, nalgunha ocasión veu algún home, pero só aos cursos que facemos, non como socios. Acollemos a todo tipo de mulleres sen excepción, mulleres do rural, mulleres urbanas, mulleres amas de



casa e mulleres traballadoras. **Que tipo de actividades fan nesta tempada?**

Todas as que nos piden os socios, como poden ser as manualidades, algún viaxe cultural unha vez ao ano, charlas de diferentes temas e moi variados, sobre todos os relacionados coa muller. Tamén de manexo de móbiles, de informática, de cociña, cerámica, e por suposto colaboramos con Concello co que nos pida, e con outros concellos. Por exemplo estivemos facendo unhas bolsas para Afán Burela. Así mesmo, temos un curso de bordado, calceta e gancho unha vez á semana. Pero o importante é compartir experiencias, falar e rir, en definitiva, compartir alegrías, isto é o que nos chamamos risoterapia.

**Contan cun forte labor social.**

Si. Estivemos cosendo desintresadamente máscaras durante o tempo de pandemia. E tamén, en 2021, participamos na gravación dun anuncio publicitario contra a Violencia de Xénero, organizado pola Asociación Mujeres en Igualdade Provincial de Lugo (BUMEI), que foi emitido na televisión.

**Teñen apoio institucional?**

Principalmente temos as achegas dos socios que son 22 euros ao ano, e despois o Concello nos da una subvención anual, e tamén a factoría de Alcoa a través dun plan de acción e colaboración co medio ambiente e o rural. O ano pasado limpamos a praia de Lago, e este ano rexeneramos un pequeno parque en Palmeiro con árbores, papeleiras, plantas, colocamos bancos, etc. Deixámolo moi bonito e moi cómodo.

**Xacio Baño presentou a súa curta ‘Non te vexo’ no festival Clermont-Ferrand**

O cineasta xovense Xacio Baño presentou recentemente a súa curta ‘Non te vexo’ no festival Clermont-Ferrand en Francia.

Esta curtametraxe, de 13 minutos de duración, é un ensaio cinematográfico sobre a imaxe rexeitada. “A selección de fotografías crea un conto para narrarnos a vida”, din a sinopse, “pois hai moitas instantáneas que consideramos imprecisas ou defectuosas, e esas tamén teñen algo que contar”.

Así, despois dun tempo de investigación enlazou este ensaio coa historia dunha parella que rompe despois de nove anos.

Esta curta, que xa foi estreada no Festival Internacional de Cine de València en xuño do 2023, amosouse no festival francés seleccionada polo propio certame na sección Lab Competition, adicada a amosar as propostas máis novidasas e singulares. Non te vexo xa colleitou algún premio, así, no Curtocircuíto de Santiago de Compostela conseguiu o Premio Galiza e o Premio CREA á mellor Dirección Galega e no Festival de Cine da Coruña Intersección levou o Premio do xurado e o o Numax.

Xacio Baño xa conseguirá no 2022 o premio Mestre Mateo a mellor curtametraxe con Augas abisais, proxecto que contou coa colaboración e patrocinio do Concello de Xove.

A peza Augas Abisais fala da memoria colectiva familiar, e pescuda en lembranzas e relatos transmitidos de xeración en xeración por veciños de Xove. “Recata un patrimonio inmaterial que, levado ao cinema, permanecerá vivo para sempre”, conclúe.

## A ruta equina de A Medela de Xove será o 17 de marzo

A asociación equina A Medela de Xove informou que xa teñen data para a súa ruta equina e que será o domingo día 17 de marzo de 2024.

O programa de actividades comezará ás 10.00 horas coa saída ao campo da igrexa de Sumoas, e continuará cunha ruta a cabalo polas fermosas paisaxes de Xove. No medio da ruta haberá pinchos para os participantes e despois será o xantar na carpa situada no campo da igrexa de Sumoas, que estará servido por Pulpería Mario e amenizado por



un grupo musical. Ao remate haberá sorteos de agasallos entre os asistentes á ruta.

Para participar será necesario

anotarse chamando antes do 13 de marzo a 637 562 351, 690 861 415, 629 810 710 ou 616 631 495.

## O concurso de Caretas de Entroido 2024 xa ten os seus premiados

A Concellería de Cultura puxo en marcha en xaneiro deste ano 2024 unha nova edición do Concurso de Caretas de Entroido.

Segundo idade, houbo cinco categorías e os gañadores en Preescolar (3, 4 e 5 anos), os gañadores foron Xare González Celaya, María García Val e Zoe Sierra Escobar. Na categoría 1ª e 2ª de Primaria, os premiados foron Anaís Romero Suárez, María Moreira Rego e Celia

Maseda Peña. Na seguinte categoría de 3ª e 4ª de Primaria os gañadores foron Jesús López Franco, 2David Burgos Peloché e Gabriel Miramontes Atanes. En 5ª e 6ª de Primaria os agasalados foron Óscar Bértolo Casabella, Blanca Casariego Mariño e Álvaro García Casabella. E na categoría 1ª a 4ª de ESO foron Carla Casabella Puñal, Marcos Mariño Ferrería e Paula Sánchez Pernas.

## o valadouro

## Acusan ao BNG de difundir bulos para confundir á comunidade educativa

O PP do Valadouro condena que “o BNG difunda bulos sobre a obra que está en execución no colexio de Santa María co único fin de tratar de confundir á comunidade educativa, a pesar de que todo o mundo ve que a obra está en marcha”. De feito, a intervención que supón un investimento de 328.000 euros está en execución e prevé rematarse este mes de febreiro.

A este respecto, o PP do Valadouro lamenta “o xogo sucio do BNG local” que a través da redes difundiu fotografías do colexio Santa María do Valadouro insinuando que a Xunta non ten vontade de melloralo, tal e como prometera. “Nada máis lonxe da realidade. A obra está en execución desde o Nadal”, subliña o portavoz, José Manuel Lamela.

O PP aclara que a obra está en execución, en prazo, e o único que resta por completar é ese patio porque se encargaron materiais específicos



para a zona que están pendentes de recibir. En todo caso, rematará antes de que finalice este mes de febreiro.

**OBRAS.** A Xunta de Galicia licitou o pasado mes de xullo do 2023 a obra de mellora do colexio do Valadouro que foi adjudicada no pasado mes de outubro. E ao longo destes meses fóronse executando as distintas fases dos traballos “adaptándoos para

causar a menor interferencia posible co actividade habitual do centro”.

A intervención consiste no cambio das cubertas dos soportais situados no acceso ao colexio e no patio; así como a da zona de despachos. Ademais, das carpinterías exteriores e as luminarias por equipos LED de menor consumo; e a instalación de falsos teitos. E a pintura das zonas afectadas polas obras.

## Amado Lar O Valadouro busca socios

A Asociación Cultural Amado Lar O Valadouro vén de informar que está aberto a inscrición para facerse socio do seu colectivo. Así sinalan que se pode contactar con eles nos teléfonos 609 371 551, 680 766 568, 646 825 113 ou 649 593 139, ou poñerse en contacto por email en amadolarvaladouro@gmail.com.

Esta asociación naceu nos anos 80, nun momento de auxe das asociacións culturais e de recuperación das tradicións e na que o baile tradicional estaba en auxe. Respaldados por unha poboación grande e participativa, creceron durante anos, antes de que a perda de veciños pola emigración chegase tamén ás súas aulas.

De feito, a asociación contou coa súa propia coral e un grupo de tea-



tro e coa caída poboacional de Valadouro fóronse perdendo no tempo. O que si se mantén con forza é o seu apartado folclórico. A día de hoxe manteñen tres liñas formativas, o baile, no que hai tres grupos

de idade; as cantareiras e a gaita e percusión. En total, están a formar parte del máis de setenta persoas de todas as idades que pertencen a un ou a varias destas especialidades.

## O sábado 23 de marzo será a nova edición do Mercado de Primavera

O sábado 23 de marzo o Concello do Valadouro acollerá unha nova edición do seu Mercado de Primavera e que este ano chega a súa décimo oitava edición. Nesta cita ademais das típicas vendas e degustación dos produtos tradicionais.

O mercado adoita celebrarse desde as 10.00 horas e ata as 19.00 horas no aparcadoiro do parque Concep-

ción Arenal, Andrés López, Palmeiro, praza de Santa María, Severino Cociña, avenida de Viveiro, Xistral, José Antonio Ferreiro González, e o aparcadoiro municipal da rúa Xistral. Dende o Concello aínda non comunicaron as solicitudes de admisión para participar na adjudicación de postos pero recoméndase que tanto os distintos postos (propios ou

facilitados polo Concello) como as persoas encargadas dos mesmos estean caracterizados como se se tratase dun mercado dos anos 40 ou 50.

Os homes acudiran ao evento con pantalón de pana, camisa de cadros e chaleco ou camisa lisa e as mulleres farano con saia media longa, escuro e blusa con *toquilla*.

## 15 rapaces franceses estiveron de intercambio no intituto Alfoz-Valadouro



Durante 11 días, varios alumnos franceses estiveron de intercambio no IES Alfoz-Valadouro. A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, deulle a benvinda ao alumando francés e aproveitou para darlles un agasallo e intercambiou experiencias tanto cos 15 rapaces e rapazas que coas dúas profesoras que os acompañan. Durante uns días conviviron con familias do Val e cele-

brarán diferentes actividades e viaxes organizadas polo IES para coñecer a nosa comarca, a provincia e Galicia.

“A experiencia que está a vivir a rapazada foi das que non se esquecen. Os intercambios son unha ferramenta moi positiva para mellorar a lingua que están a estudar e para coñecer diferentes culturas” apuntou a alcaldesa sobre o encontro.

## A nova edición da Feira do Trece será o 15 de xuño

A Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido, no Concello de Alfoz, celebrará o vindeiro sábado 15 de xuño no Lugar do Trece esta tradicional feira onde nos anteriores anos os asistentes puideron adquirir produtos da zona ademais de obxectos de artesanía, gozar coa sesión vermú, xantar un menú típico e deleitarse cun desfile de zocas.

Durante a xornada tamén adoita haber música tradicional, mostras de adestramento canino, cea e baile... e outras actividades como concurso de gando con premios para o maior número



de vacas e cabalos, para o mellor cabalo ou besta de montura, a mellor vaca e o mellor cabalo ou besta de tiro.



**101 ANOS.** O domingo 25 de febreiro, Ramona Cortiñas López, celebrou o seu 101 aniversario rodeada da familia na súa casa do Pereiro, Alfoz.

# “A báscula onde pesaban as vacas aínda se conserva a día de hoxe”

Romina Lorenzo está á fronte da Asociación Veciñal de Mor

San Pedro de Mor é a parroquia máis poboada de Alfoz e ten aproximadamente 470 habitantes. O seu nome deriva de Mor deriva de Mauri, forma en xenitivo de Maurus, nome de orixe latina, de feito este lugar é citado en 1124 como “sanctus Petrus de Mauri”, e coa forma máis evolucionada “sanctum Petrum de Mour” en 1164. Xa no século XVIII aparece como “Mór”. Nela existe unha animada asociación veciñal que pretende axudar e manter as boas relacións cos veciños.

## Cando e como nace a Asociación Veciñal de Mor?

Formouse a primeiros do ano 2019 nunha reunión que se organizou cos veciños e veciñas da parroquia.

## Con que motivación xorde?

Xurdiu a idea de facer unha directiva para poder organizar as festas e outros eventos nos que xuntar á veciñanza. Sempre quixemos axudar aos veciños e como no resto das parroquias xa existía algunha asociación pois nos quixemos crear unha tamén. O principal é e será axudar á veciñanza.

## Por que ese nome?

É o nome da nosa parroquia, San Pedro de Mor.

## E o logo que significa?

O noso símbolo representa a báscula onde antigamente se pesaban as vacas na histórica Feira de Correlos. Aínda se conserva a día de hoxe e é unha das poucas básculas de feira na comarca. Por iso exerce como símbolo da parroquia de Mor.

## Que obxectivos teñen?

O noso principal obxectivo é o de

dinamizar a parroquia. Para ese labor organizamos as festas na honra do patrón San Pedro e a do Carme, tamén algún magosto, e no Nadal 2023 organizamos xunto a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo un mercado. Este Mercado de Nadal foi todo un éxito e se podemos, repetirase. Por outra banda, estamos planificando algunha excursión para a última semana de abril.

## Quen conforma a asociación?

A directiva está formada por 11 membros e máis dun centenar de socias e socios. A presidenta desde este ano 2023-2024, son eu, Romina Lorenzo. E nun primeiro momento, cando se creou a asociación o presidente foi Ramón.

## Teñen apoio institucional ou algunha entidade?

Si, contamos co apoio do propio Concello de Alfoz, e ademais coa cota de socios que é de 25 euros ao ano. Para a organización de festas adoitamos pedir colaboración veciñal.

## Como é a relación coa nova alcaldesa ou o novo equipo de Goberno?

Coa nova alcaldesa, Efigenia, levámonos moi ben, pero tamén había moi boa relación co anterior rexedor, Jorge Val. En xeral, todas as relacións co Concello son boas xa que nos dan moitas facilidades.

## Que lle piden ao Goberno local?

Que siga apoiándonos e ofrecéndonos subvencións para as diversas actividades que organizamos durante todo o ano.

## E doutras asociacións e colectivos?

Colaboramos nalgunha ocasión

con outras asociacións, como por exemplo, o pasado mes de decembro organizamos o primeiro Mercado de Nadal xunto coa ACX O Castelo.

## Que tipo de actividades fan?

Facemos actividades durante todo o ano e ademais de todo tipo, como as festas patronais, as festas do Carme, o San Xoán, algunha celebración de magosto, viaxes, obras de teatro, etc.

De feito, este ano pasado 2023 fixemos un xantar campestre o día do Carme no campo da festa O Atrio, cando antes sempre faciamos unha cea, e foi un éxito total. Nesta ocasión volvemos á organización da festa tradicional ou antiga, que contaba con misa, festa e comida de todos os veciños no campo, e que rematou a última hora da tarde.

## Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

Queremos achegar máis actividades culturais e de ocio á parroquia. Pero pouco a pouco.

## Estas iniciativas teñen ou terán boa aceptación entre os veciños?

A verdade é que si, temos unha veciñanza moi unida e participativa. Así dá gusto organizar cousas.

## Contan con local social?

Si, o noso está situado na casa da cultura, pois no caso das demais parroquias de Alfoz teñen escolas unitarias que xa non funcionan como tal e úsanas de local. Pero en Mor, o edificio segue sendo escola, polo que o Concello cedeunos o uso da casa da cultura, así como para algunha actividade o pavillón polideportivo.



## Nova cita cos coches clásicos en Oourol o vindeiro 9 de marzo

Os afeccionados aos coches clásicos teñen unha cita ineludible o vindeiro 9 de marzo na explanada do Concello de Oourol. Alí terá lugar a V Xuntanza de Coches Clásicos Oourol que organiza Talleres Tuille.

Os asistentes poderán gozar cunha interesante exposición, degustar un delicioso xantar e desfrutar dos demais actos programados. Así, a reunión comezará ás 10.00 horas coa recepción de coches e ás 11.30 será o paseo turístico que rematará ás 13.00 coa sesión vermú a cargo de Disco Móbil Conxuro.

Xa ao mediodía, haberá un xantar servido por Seiramar Eventos, que



ten un prezo de 30 euros por persoa. As reservas poderán facerse ata o 5 de marzo chamando ao 711 728 817.

Pola tarde poderase gozar da entrega de premios ao coche máis antigo, máis lonxano e o mellor restaurado.

## O Concello prepara un Taller de Musicoterapia e un de móbiles

O Concello de Oourol, en colaboración coa Escola Galega de Saude para Cidadáns, vai a levar a cabo un Taller de Musicoterapia co obxectivo de Promover o benestar físico, mental e emocional a través da música.

Esta actividade terá lugar no Edificio Multiusos do Concello o vindeiro 13 de marzo ás 16.30 horas. Todas aquelas persoas en partici-

par poden anotarse no Departamento de Servizos Sociais do Concello, nos teléfonos 982 559 109 ou 677 489 457 ou directamente a través do enlace da páxina web da Escola Galega de Saude para Cidadáns.

**MÓBILES.** A Deputación de Lugo activa o programa Xunt@s, con actividades gratuítas, de lecer e

formación para contribuír ao envellecemento activo no rural a través do impulso da participación cidadá e o asociacionismo.

A actividade que virá ao Concello de Oourol será no edificio multiusos e terá lugar os días 7 e 14 de marzo, ás 10.30 horas.

A sesión estará dirixida a mostrar o uso dos *smartphone* ou móbiles.

## Xa se pode solicitar o carné da Biblioteca de Oourol



A Biblioteca Municipal de Oourol vén de comunicar que xa se pode solicitar o carné de forma presencial. Tamén se pode facer o procedemento na seguinte páxina web. Unha vez feita a solicitude deberás acudir á túa biblioteca para verificar a túa identidade e obter o carné físico ou dixital.

Esta biblioteca ofrece ao longo do ano unha serie de actividades tanto para público adulto como para infantil, presentacións de libros, charlas e conferencias. Tamén houbo exposicións como a cedida polo Consello da Cultura Galega 'O soño cubano da emigración galega', ou a exposición de cadros de José Manuel Hermida Blanco, e a ruta india-

na na que a biblioteca participa impulsando a recuperación do noso patrimonio cultural.

Ademais a biblioteca ofrece a todas as persoas usuarias o acceso á plataforma do libro electrónico, tanto en galego como en castelán; o acceso a máis de 900.000 títulos e 3.000.000 de exemplares a través do catálogo da Rede; servizo de wifi gratuito e salas independentes para vídeo-conferencias ou para teletraballo.

Ademais dispoñen do préstamo de libros para infantil e adultos, un buzón de devolución de libros 24 horas, e a renovación dos préstamos desde a casa a través da conta que se facilita no momento de facerse socio.

## Varios veciños recolle sinaturas en apoio aos afectados polas inundacións

Veciños de Vegadeo están a realizar unha campaña de recollida de sinaturas en apoio a todos e todas os afectados polas numerosas inundacións, e "pedindo ao concello algún tipo de solución", comentan.

"Coa suba da marea e co defectuoso sistema de sumidoiros do municipio, frecuentemente e ao longo do ano vémonos afectados polos asolagamentos nos nosos locais e vivendas", din no escrito.

Para poder achegar a firma pódese facer en calquera nos establecementos, do mesmo xeito que se un negocio propio queres colabora, tan só será necesarios poñerse en contacto co Comercio Vegadeo Ascove nas súas redes sociais.

## Aberto o prazo de inscrición para as candidaturas ao premio Vegadense do Ano 2024

Os Amigos de Vegadeo e o seu Concello veñen de informar que xa se poden presentar as solicitudes ao premio Vegadense do Ano. O prazo de inscrición estará aberta ata o 31 de marzo.

Para mandar as propostas haberá que escribir un correo electrónico a [amigosdevegadeo@gmail.com](mailto:amigosdevegadeo@gmail.com) e haberá que cubrir os datos sobre o candidato, o motivo da súa proposta e o seu currículo.

O premio do ano 2023 foi para M<sup>ra</sup> Luz Rodríguez Somoza, Lulas; que traballa desde hai 21 anos no instituto Elisa e Luís Villamil de Vegadeo, onde imparte ma-

terias como debuxo, plástica, taller de gravado e pintura e imaxe e son.

O xurado destacou "a súa implicación desinteresada en múltiples actividades da vida sociocultural de Vegadeo dos últimos anos", así como que sexa a autora da escultura da vaca Silvallana, "imaxe de Vegadeo dentro e fóra da comarca", e o seu intento de mellorar "a vida de todos os veciños co seu labor artístico" e o seu interese por "poñer de manifesto a importancia da arte e facelo accesible a toda a poboación".

## A nova edición da Feira dos Stocks será a finais de marzo

O recinto feiral de Vegadeo acollerá unha nova edición da Feira dos Stocks que terá lugar do os días 28, 29, 30 e 31 de marzo. Nela poderanse atopar artigos de todo tipo aos mellores prezos.

A organización deste certame feiral corresponde ao Concello de Vegadeo, e o horario de apertura ao público será pola mañá de 11.00 a 14.00 horas e de tarde de 16.30 a 20.30 horas. O obxectivo xeral desta feira é dinamizar o pequeno e mediano comercio, ofrecendo un punto onde dar saída aos excedentes de mercadoría de cada campaña, a prezos de promoción. Ademais de dar a coñecer o comercio comarcal ao público



asistente a través da Feira do Stock e ofrecer ao consumidor unha oferta variada de produtos de calidade e a prezos competitivos.

## O Concello actuará na eficiencia enerxética do Ceip Celso Currás

O alcalde de Trabada solicitou unha subvención á Xunta de Galicia para a mellora da eficiencia enerxética do Ceip Plurilingüe Celso Currás de Trabada.

As actuacións que o concello pretende levar a cabo teñen como obxectivo “a renovación completa das cubertas do centro cun novo sistema de cobertura da base de paneis sándwich con illamento, así a execución de todos os traballos auxiliares necesarios para levar para a correcta execución dos mesmos, como a substitución de canlóns e baixantes”, explica o alcalde, Rubén García. O importe deste proxecto ascende a 149.091,19 euros.

A convocatoria de axudas á que se presentou o concello inclúe a mellora da envolvente térmica de edificios e infraestruturas municipais, os illamentos en cubertas e fachadas, ademais da mellora da

eficiencia enerxética nos centros educativos de Galicia.

“Agardamos que a Xunta de Galicia concédanos esta subvención para mellorar ou noso colexio”, engade o alcalde, “dando resposta ás demandas da comunidade educativa”.

Con respecto a este tema, xa o pasado mes de outubro, a entón alcaldesa do Concello de Trabada, Mayra García Bermúdez, trasladoulle ao conselleiro de Educación da Xunta, Román Rodríguez, “unha demanda da comunidade educativa de Trabada, xa que o inmoble que alberga o Ceip Celso Currás precisa dunha rehabilitación integral que mellore a súa eficiencia enerxética”.

**PP.** O Partido Popular de Trabada vén de sinalar varias deficiencias no Ceip Celso Currás tras unha visita ao centro. “A verdade é que nos impactou ver tódalas

deficiencias, e toda a deixadez que é inexplicable e intolerable”, indicaron.

“Fannos moita gracia cando dende o grupo de Goberno din que apoian a xuventude pero na realidade so se busca foto, aparentar cando hai celebracións ou festas”, din os Populares, “logo dirán que a culpa é doutros e levan 9 anos gobernando”.

Dende o seu grupo esixen que se faga o mantemento das instalacións públicas, “sendo competencia do Concello, non se pode botar a culpa a outros, hai que gobernar e non so aparecer en actos e sacar fotos”, engaden.

“Ademais de poñer enreixados e portas por tódolos lados que parece un labirinto, está sen coidar e sen facer mantemento en nada”, din, “e mesmo o ximnasio e o pavillón que ten goteiras todo o longo da grada”.



## O Partido Popular comunicou varias melloras na cobertura móbil na parroquia de Fórneas

O voceiro do Partido Popular de Trabada, José María Fernández, vén de comunicar que xa comezaron as obras que darán unha cobertura móbil mellor a tódolos veciños e veciñas.

“As obras que está a facer a Xunta de Galicia son na parroquia de Fórnea”, dixo Fernández,

“nós o que dicimos cumprímo-lo, dende o Concello nada se fixo neste sentido, sendo unha necesidade moi grande e que os veciños de Fórnea estaban desexando”.

Segundo Fernández, “o PP de Trabada non falla e cumpre co que promete”.

## O Concello quiere seguir mellorando a casa consistorial

O Concello quiere seguir mellorando a casa consistorial, para o que vén de solicitar unha nova subvención.

“A necesidade da intervención xustifícase na mellora da eficiencia enerxética do edificio municipal, intervindo na envolvente do mesmo coa renovación das carpinterías con acristalamentos de boas características térmicas”, explica o alcalde, Rubén García.

A actuación implicaría a colocación de carpintería exterior de madeira de iroko en portas e fiestras. Nas fiestras colocarase verteaugas no perfil inferior, con soporte de aluminio anodizado e revestimento exterior de madeira.

“Con esta obra poderíamos renovar



totalmente o exterior do edificio do concello, tras as obras que xa se realizaron para o cambio da cuberta e o pintado de toda a fachada”, afirma o alcalde.

Desta forma, engade Rubén García, “continuamos coa mellora dos edificios e locais públicos”.

## O Goberno local quiere cubrir o parque infantil da rúa de San Roque



O equipo de Goberno quiere executar a cubrición do parque infantil situado na Rúa de San Roque.

“Coa cubrición deste parque, os nenos do noso concello poderán xogar e desfrutar durante os días de chuvia ou de moita calor, xa que a estrutura que se pretende instalar conta cun sistema de cuberta téxtil para protexer das condicións meteorolóxicas adversas”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García.

“Desta forma, pretendemos seguir mellorando as nosas instalacións de lecer e os parques infantís de Trabada, potenciando o seu uso por parte das familias”, engade o alcalde.

**ESTRADAS.** Deron comezo as obras de mellora no Porto do Malle, A Trapa e Santo Estevo. As actuacións que se están a levar a cabo consisten na limpeza de cunetas, pavimentación das vías municipais e construción de cunetas de formigón en varias zonas onde o terreo se abrándase debido a gran cantidade de auga que transcorre.

Este proxecto cun importe total de 41.950,45 euros, está incluído dentro do convenio de mellora de accesos asinado a finais do ano 2023 ca Deputación Provincial de Lugo. Así, o Goberno local segue inmerso na mellora das vías municipais.

Os vindeiros días 15, 16 e 17 de marzo chegará a Trabada o Tapeo 2024



Os vindeiros días 15, 16 e 17 de marzo chegará a Trabada o Tapeo 2024, organizado polo Concello en colaboración coa hostalería do municipio.

Esta cita gastronómica permitirá degustar seis deliciosas tapas en diferentes establecementos, dúas tapas en cada local hostaleiro, a un prezo de 2 euros cada unha. O alcalde Rubén García anima á veciñanza “a gozar da gastronomía e do produto local participando nesta iniciativa”. Os participantes e as súas tapas serán a Taberna da Curuxeira co Cocktail de gambas e Filloas recheas de carne; no Mesón Camiño Norte serán Paxo de pavo con salsa de piquillo e Salpicón de marsico; e no Bar O Porfirio poderase probar Tosta de picadillo e Meixela con puré de patata.

## o vicedo

## O terreo condiciona o proxecto para acceder ao Fuciño do Porco

Estanse a analizar varias propostas de construción para a zona do Fuciño do Porco onde se produciron os desprendementos en xaneiro 2023 polas fortes e intensas chuvias e o mal tempo sumado á erosión da mar que azota na zona.

Así, a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao estar a valorar os proxectos “para que sexa a opción máis segura”, sinalou o alcalde vicedense, Jesús Novo.

“Aínda están valorando porque é unha zona complicada e teñen que estudar a viabilidade, di Novo, “e non é nada doado”.

A solución máis segura parece ser unha ponte colgante con



apoiros sólidos en ambos extremos da plataforma. Este deseño non necesitaría o uso de maquinaria de gran peso e tamaño e ademais “sería segura e integra-

da na contorna”.

A Autoridade Portuaria sinalou que malia que trata en axilizar o proxecto e as adxudicación o importante é a seguridade.

## Nordés está a colaborar no proxecto de segunda vida de vellas bicicletas

A asociación Nordés está a colaborar no proxecto de segunda vida de vellas bicicletas da man da asociación Recycling. “Co obxectivo de darlle unha nova vida ás vellas bicicletas que ficaban abandonadas en faiados, alboios e demais sitios onde gardamos os trastes e as cousas que pensamos que nalgún intre poden volver a sermos de utilidade, aínda que moitas ve-

ces ese momento non chega e vanse deteriorando co paso do tempo ata que xa non serven para nada e rematan no lixo”, din.

Recycling recolle esas bicicletas que xa non se queren, ponas a punto e fai entrega delas a persoas que precisan desde medio tanto a nivel nacional como internacional.

Nordés xa colaborou na entrega

e desde fai uns meses garda bicicletas doadas pola veciñanza para entregar. Así, o vindeiro 20-21 de marzo farán a seguinte entrega e, por iso, fan de novo un chamamento para que a xente dos concellos veciños interesados en facer doazón de bicicletas se poña en contacto con eles para a entrega. Poden facelo chamando ao 653 756 454 ou en [asociacion.nordes@gmail.com](mailto:asociacion.nordes@gmail.com).

## Os veciños seguen a manifestarse pola falta de cobertura no centro de saúde

O colectivo de asociacións culturais, deportivas e de veciños do Concello do Vicedo organizou unha manifestación con motivo da falta de médicos no centro de saúde do Vicedo. Segundo o colectivo, “concentrémonos diante do Concello do Vicedo para ir andando, cortando a estrada Travesía dá Mariña, a AC-862, ata a rúa Rúa do Porto e de alí dirixirémonos ao noso centro de saúde onde lemos un manifesto.”

“É evidente que a xestión actual da sanidade na Mariña está a ser insuficiente e negligente”, din os colectivos, “antes de resolver o problema da falta de financiamento, detéctase un claro problema de xestión na área sanitaria. A imposición de dobrar quendas, e a falta de supervisión adecuada son só algunhas das prácticas que contribúen á desmoti-



vación e o esgotamento do persoal sanitario na Mariña”.

“É urxente garantir a suficiencia de profesionais sanitarios, das diferentes cualificacións e especialidades en toda a comarca da Mariña, mellorando as súas condicións de traballo, a súa remuneración, a súa estabilida-

de, a súa formación continuada e o seu liderado”, indicaron.

Ademais, sinalaron que “o día 29 rematou o prazo para que unha nova médica tome posesión e que a outra praza do centro de saúde está vacante por un concurso de traslados e este cóbrese cun profesional que se despraza todos os días”.

## barreiros

## O PP urxe unha solución para o depósito de auga potable na Rilleira



O PP de Barreiros urxe unha solución para o depósito de auga potable na Rilleira ante a posible filtración de elementos que o contaminen, xa que José Manuel Gómez Puente explica que este depósito de auga potable abastece á Rilleira e Villamartín Grande, na parroquia de Cabarcos, e á parroquia de Villamartín Pequeno Barreiros.

Varios veciños das parroquias de Cabarcos e Villamartín Pequeno alertaron aos concelleiros do PP do problema co depósito de auga potable que hai en Rilleira, “xa que unha das tapas superiores leva varias semanas aberta, o que provoca que a auga se contamine ao caer calquera tipo de elemento no seu interior”, explican.

Así, o voceiro do PP de Barreiros, José Manuel Gómez Puente, afirma que “esta é a preocupación que ten o Goberno local do BNG pola seguridade sanitaria dos nosos veciños. Non hai control nin vixi-

lancia das instalacións prioritarias do concello”, explicou, recordando o caso do valado caído na depuradora de San Bartolo que dende os populares denunciaron en varias ocasións.

Dende o PP de Barreiros urxen unha solución inmediata a este depósito de auga potable para evitar a contaminación do seu interior, un depósito que abastece á Rilleira e Villamartín Grande, na parroquia de Cabarcos, e á parroquia de Villamartín Pequeno.

**GOBERNO LOCAL.** O Goberno de Barreiros contesta ao Partido Popular e asegura que non existe risco algún de “elementos contaminantes” no depósito da Rilleira polo levantamento dunha das tapas metálicas e que o abastecemento de auga potable está en condicións óptimas para o consumo e nunca deixou de estar garantido, manifestou o alcalde en funcións, Antonio Veiga.

## O Concello fixo entrega dunha colección de contos infantís á Escola Infantil

A concelleira de educación e igualdade, Montse Porteiro, fixo entrega dunha colección de contos infantís á Escola Infantil. Estes libros, financiados con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, abordan temas esenciais na formación dos máis pequenos.

Porteiro sinala que “é fundamental comezar a impartir estes coñecementos desde unha idade temperá, aproveitando a asombrosa capacidade de aprendizaxe que

teñen nos seus primeiros anos. Os contos abordan temáticas coma as emocións, os estereotipos de xénero, a diversidade, a sexualidade e a prevención de abusos, todo adaptado ás súas idades”.

A concelleira destaca que “cada páxina está deseñada para explorar conceptos importantes como compartir, convivencia e respecto, ademais de incorporar a sonoridade e ritmos que enriquecen a súa experiencia educativa”.



## Gómez Puente segue a dar continuidade ao traballo levado a cabo en Barreiros polo ex alcalde do Partido Popular, Fuente Parga

José Manuel Gómez Puente entrou como voceiro do Partido Popular no ano 2021 trala renuncia do ex alcalde e voceiro, Alfonso Fuente Parga.

O voceiro popular naceu en Cospeito pero reside en Barreiros desde 1996, ano no que foi destinado profesionalmente a este municipio.

Nas pasadas eleccións de maio 2023 a veciñanza de Barreiros votou practicamente igual que nos comicios anteriores, e o Partido Popular gañou os comicios con 906 votos non suficientes para gobernar, polo que os nacionalistas do BNG tiveron que volver facer un pacto de Goberno co PSOE de Carmen Veiga.

Gómez Puente comezou no mundo da política alá polo ano 2003 despois de que un amigo seu lle propuxera que se unira ao Partido Popular de Barreiros, “esa amizade fíxome que formase parte do PP de Barreiros, e nunca lle pedín para ir nas listas, fun para achegar e axudar aos veciños”.

humano, próximo e igualitario independentemente da súa ideoloxía”, e engade que “sobre todo cando os veciños visiten o concello para falar dos seus problemas, hai que escoitalos”. Tamén engade que sería “moi esixente cos propietarios de leiras urbanas que incumpren a normativa da lei de prevención de incendios”, e “coas administracións para que axuden en infraestruturas vitais para Barreiros”. Así mesmo di que tería un trato “exquisito nos descansos semanais dun servizo tan importante como é o servizo do fogar”.

Para Gómez Puente o importante é poñer no centro aos veciños e veciñas de Barreiros con tres piares fundamentais, as persoas, o medioambiente e o turismo. Por iso explica que faría un centro de día para a veciñanza maior do municipio, crearía a depuradora de San Miguel-Reinante, tan necesaria para o municipio, e dotaría de máis socorristas e persoal de limpeza en todas as



dar, e non para pedirles nada a cambio”. Como indica, colaboran desinteresadamente con organizacións e grupos, e que “sempre estaremos ao lado e seremos a

eles e para min non é ningún sacrificio representalos”.

O que si que ten claro e ten que agradecer é a súa muller, a súa filla e a seus pais “a súa comprensión pois teño que compartir o tempo que dispoño coa a actividade política”.

En canto aos beneficios di que así séntese máis preto dos veciños, e que “empatizas e sofres con eles as molestias e deficiencias que atopamos no día a día do noso municipio”.

“Facemos rogos, que son as queixas de moitos de veciños, e o equipo de Goberno toma nota pero as veces caen en saco roto, porque non se solucionan, e non é cuestión económica é cuestión de xestionar”.

Así mesmo explica que os representantes municipais do Partido Popular non teñen soldo, “só cobramos dietas por asistir aos plenos e ás comisións cando as convoca o equipo de Goberno”.

Engade que as dietas son en calidade de asistencias e que se convoca un Pleno cada dous meses polo que “ao ano cobramos 300 euros que tributan como ingreso na declaración da renda”. Sobre o equipo de Goberno actual e a súa relación con el, sinala que é totalmente normal e sobre o seu pacto de Goberno para conformar un Goberno estable explica que está a favor “dos pactos cando se gañan as eleccións e co único obxectivo de mellorar a vida dos veciños e non a cambio dun contrato laboral”.

“Sendo concelleiro síntome máis preto dos veciños e empatizo e sufro con eles as molestias e deficiencias no día a día do municipio”

“Procuramos estar preto da veciñanza compartindo con eles momentos bos e momentos malos, así como para axudar e para dar, e non para pedirles nada a cambio”



Así mesmo, di que sempre foi unha “persoa que empaticeiro Partido Popular, admirador de Manuel Fraga, xa foi unha persoa moi ben preparada, culta, traballadora e de profundas conviccións humanas onde a integridade estivo fóra de toda dúbida”.

O seu partido estivo no Goberno hai relativamente poucos anos e de volver a el cre que achegaría “amabilidade, trato

praias.

Para el o papel da oposición é “facen achegas construtivas e sobre todo dar voz á veciñanza das súas queixas e problemas”. E dende este posto, a oposición, sinala que axuda á vila de varias maneiras. Primeiro, “os integrantes do Partido Popular procuran estar preto da veciñanza compartindo con eles momentos bos e momentos malos, para axudar e para

voz de persoas e colectivos que se sintan abandonados e ignorados”. Por outra banda, di que “este ano comprometerémonos na limpeza de espazos públicos”. A nivel persoal, sinala que non hai sacrificios ao formar parte da oposición e que persoalmente séntese honrado de representar “a moitos veciños que depositaron a confianza no Partido Popular, fomos a forza máis votada e doulle as grazas a todos

## MAR

## Segue o reparto de calendarios da comisión do centenario da Confraría de Pescadores



Segue en marcha o reparto de calendarios de 2024 elaborados pola comisión do centenario da Confraría de Pescadores San Juan Bautista. Os calendarios repartiranse en diferentes puntos da localidade e Casa Consistorial é un deles.

A alcaldesa, Carmela López, dixeron que “este traballo está cargado de historia e que pon en valor a labor tan importante da Confraría para con Burela”.

Segundo o presidente da Confraría “esperamos que guste e que gocen cada mes coa información que brinda e así podan empaparse da historia e da labor social levada a cabo

pola Confraría”.

Para os interesados lembran que se poden recoller os calendarios na propia Confraría de Pescadores e no Concello. Aquelas asociacións que desexen repartilos entre os socios poden solicitalos a través do seguinte email: [cofradia@cofradiaburela.org](mailto:cofradia@cofradiaburela.org).

Este almanaque recolle imaxes como o histórico de presidentes e patróns maiores nos 100 anos da Cofradía ou a primeira pedra da entidade, pois amosa a acta de constitución do pósito do 18 de novembro de 1923, asinada pola Xunta de Goberno daquel entón e que é totalmente lexible.

## Villares enxalzou o papel das mulleres no sector pesqueiro

Alfonso Villares, conselleiro do Mar, enxalzou o destacado papel das redeiras no sector pesqueiro cuxa actividade é indispensable para o desenvolvemento da actividade da frota galega cuxo arraigo cultural na nosa comunidade fai que sexan unha figura indispensable da estampa marítima de Galicia. Así o manifestou o responsable autonómico na xuntanza co colectivo de redeiras Cabo de Burela na nave de redeiras do peirao burelés onde tamén abordou as necesidades das profesionais desta zona.

Puxo en valor a importancia de profesionalizar o sector a través dunha formación especializada e de diversificar a súa actividade co obxectivo de aproveitar novas oportunidades de negocio a través doutros ámbitos como son a moda, os complementos ou a decoración que lles complementar os seus ingresos en períodos de inactividade.

Tamén enxalzou o asociacionismo como outro dos piares deste colectivo, composto nun 90 % por mulleres, grazas ao cal alcanzaron importantes logros como a mellora das súas condicións na xubilación co recoñecemento do coeficiente reductor, unha das súas demandas históricas que contou co apoio da Consellería do Mar. Uns avances



que sumados o labor destas profesionais na divulgación da súa actividade entre as novas xeracións busca avanzar na remuda xeracional dun dos oficios mariñeiros máis antigos para que continúe a formar parte do patrimonio cultural galego e figura nun lugar destacado na Plan da Cultura marítima de Galicia.

**ENSINANZAS.** O conselleiro tamén sinalou a súa aposta polas ensinanzas náutico-pesqueiras e a formación do sector unha das principais vías, xunto coa mellora nas condicións de traballo, para contribuír a garantir a remuda xeracional nun sector tan estratéxico como é o do mar. De feito, recordou que nas contas do departamento que comanda un dos capítulos con maior

incremento de fondos foi o das ensinanzas pesqueiras, que medra un 6,5 % e rolda unha cifra histórica próxima aos 10,6 millóns de euros. O titular de Mar destacou a importancia de formarse ben para acceder con bo pe ao sector durante a visita que realizou á decena de alumnos do curso para acadar o certificado como percebeiro que ten lugar ata o vindeiro venres na Aula de Formación Pesqueira de Celeiro.

En 2023 celebráronse 22 destes cursos para acadar a certificación como mariscador e como percebeiro e este ano está previsto que suban ata os 26, tendo en conta que nas confrarías este tipo de formación impártese a demanda cando existe un mínimo de interesados.

## Entregados 4.000 exemplares xuvenís de ourizo de mar á confraría ribadense

Investigadores do Centro de Cultivos Mariños, CIMA, de Ribadeo entregaron ao colectivo de persoas mariscadoras da confraría deste municipio lucense unha partida de 4.000 unidades de xuvenís de ourizo de mar

A entrega deste lote de exemplares, dun tamaño medio de 10 milímetros (mm), forma parte dunha camada que naceu en maio de 2023 nas instalacións do CIMA de Ribadeo. Desta partida un lote de 5.000 individuos foi introducido xa en novembro de 2023 na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos en Lira, A Coruña.

De xeito paralelo o CIMA de Ribadeo pretende activar un proceso de cultivo de macroalgas mariñas en condicións controla-



das de laboratorio, coa finalidade de abastecer as necesidades de alimento dos ourizos de mar na fase de preengorda, principalmente nos meses de finais do outono e de inverno, nos que escasean as algas no medio natural.

## 2 millóns de euros para as operacións de dragaxe do porto de Ribadeo

O conselleiro do Mar supervisou a execución da dragaxe do porto de Ribadeo no que a Xunta inviste preto de 2 millóns de euros.

Estas operacións de dragado corresponde á primeira fase das catro nas que se dividen as actuacións previstas no peirao lucense de xeito plurianual nas que se ten previsto investir 5,5 millóns de euros. A actuación principal é a retirada de 139.335 m3 de materiais da canle de acceso ata acadar a cota -5 e das dársenas pesqueira e comercial de Mirasol ata acadar a cota -2. En total, e contando cos sobre-dragados, serán recollidos 172 mil m3 de áridos dos cales 135 mil serán depositados na praia de San Miguel de Reinante e o resto, non apto para alta mar, a uns 5 km da zona de dragado.



O responsable autonómico destacou que con estas obras se da resposta a unha necesidade de mellorar a operatividade desta infraestrutura portuaria e explicou que o seu departamento ten previsto realizar outras actuacións complementarias dirixidas a mellorar o en-

torno portuario coa pavimentación do porto comercial e do porto de Rinlo, situado na mesma localidade, no que se investirán 215.000 euros. A esta previsión engadiu o acondicionamento de locais, terreos e instalacións do peirao lucense que suporán un desembolso adicional de 800.000 euros.

# DEPUTACIÓN

## O Pleno urxe á Xunta un plan de investimentos para a provincia

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un Plan de Investimentos para Lugo que impulse as principais infraestruturas pendentes na provincia, emende as deficiencias nos servizos públicos e impulse novas medidas en áreas como a atención ás persoas maiores e o acceso á vivenda, cun investimento semellante ao comprometido por Alfonso Rueda coa provincia de Ourense. Así se acordou no Pleno a proposta do Goberno provincial, contando cos votos a favor do PSdeG e o BNG e o voto en contra do Partido Popular.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, subliñou que a Xunta “ten que cumprir con Lugo. Está ben que veña o señor Rueda a Lugo agradecer o apoio que tivo nas eleccións autonómicas, pero ten que devolve-lo. Ten que pagar ese apoio en forma de infraestruturas que teñen comprometidas dende a Xunta pero que non cumpriron dende hai anos, incluso décadas”, lamentou. Entre elas, explicou, proxectos coma a Rolda Leste, o Plan Paradai, o acceso ao Porto Seco de Monforte ou as obras da VAC Costa Norte.

O mandatario provincial tamén urxe ao Goberno galego a recuperar os servizos públicos no rural, reindustrializar A Mariña ou impulsar a construción de residencias públicas de maiores. Así mesmo, pide que consolide a oferta formativa do Campus Terra ou darlle maior proxección á Granxa Gayoso Castro, como centro investigador referente que é.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “a concepción partidista da política á



que nos ten afeitos o PP acadou un novo fito o pasado día 14 de febreiro, cando Alfonso Rueda se reuniu co presidente provincial do seu partido en Ourense para firmar un documento comprometendo un plan de investimento de 117 millóns de euros”. Explicou que incluía 12 medidas “concretas, serias, rigorosas e realizables” pero que chama a atención “a dilixencia coa que o señor Rueda promete en campaña os cartos que non executa dende a Xunta. Promete 10M€ para financiar unha residencia que vai construír unha fundación privada, tendo en conta a incapacidade da Xunta para construír prazas públicas”, ironizou.

Pedi a deputada unha reunión do Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, coa Deputación de Lugo para poñerlle fin desta maneira ao desprezo institucional herdado do seu antecesor no cargo.

**TEMPORALIDADE.** Outra moción aprobada polo BNG e PSOE esixíralle á Xunta de Galicia que poña fin temporalidade na sanidade e na educación, que se disparou nos úl-

timos anos e que segundo os datos do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública con máis de 80.000 contratos precarios entre ambos servizos.

Destacou o presidente, José Tomé Roca, que a Xunta de Galicia “incumpre” coa Lei de Estabilización posta en marcha polo Goberno socialista de Pedro Sánchez e destacou a sentenza que vén de ditar o Tribunal de Xustiza da Unión Europea neste sentido. “Na Deputación temos todo en marcha, estabilizando ao persoal en función dos anos de antigüidade. Na Xunta non é así”, insistiu.

García Porto expuxo que de acordo cos datos do Ministerio, en xaneiro do ano 2012, os contratos temporais no ensino non universitario foron 34.521 que se converteron na actualidade en 37.587, “co que nunha década a contratación temporal en educación incrementouse case nun 9%”. Unha suba “aínda máis notable no eido da Sanidade Pública”, que tal e como explicou a voceira socialista pasou dos 33.798 contratos temporais no 2012 aos 43.217, unha subida da temporalidade de preto dun 30%.

## Estiman un retorno de 100 euros por cada un investido en turismo

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, presidiu a primeira reunión do ano do Consello Provincial de Turismo, o órgano participativo e consultivo da Deputación de Lugo nesta materia. Rivera puxo o foco na importancia dos patrocinios turísticos, cos que a institución provincial “consegue un retorno económico de 100 euros por cada euro invertido, un dato moi significativo que evidencia que traballamos dun xeito eficaz e eficiente para lograr que a nosa provincia medre e mellore como destino turístico”. Nas súas palabras, explicou que ao

longo deste ano a Deputación continuará co patrocinio de eventos deportivos ou culturais, películas ou iniciativas que dan unha gran proxección ao territorio lucense. Rivera Capón salientou a idoneidade de apostar por este tipo de medidas dada a súa importancia e repercusión, e puxo varios exemplos, como o patrocinio de La Vuelta 2024, para o que a institución provincial destina 40.000 euros, que “terá un retorno enorme para a provincia en termos económicos e de promoción a nivel nacional e internacional, tanto a curto como a medio prazo”.

Así mesmo, o deputado avanzou ante os membros do Consello as principais liñas de traballo, accións e programas que se desenvolverán neste 2024 en materia turística, dando continuidade á aposta por un turismo sostible, de calidade e baseado na propia experiencia da persoa que descubre a provincia a través das diferentes actividades. Daralle continuidade a programas como o Coñece a túa provincia, a celebración do Día da Transrománica, as rutas fluviais pola Ribeira Sacra ou os premios á excelencia turística e gastronómica da provincia.

## Aberto o prazo das axudas para asociacións das reservas da biosfera

A Deputación abriu o prazo de solicitude das axudas por un importe de 110.000 euros que convocou para apoiar a actividade das entidades asociativas sen ánimo de lucro que estean asentadas ou que teñan o seu ámbito de actuación no territorio das reservas da biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses, xestionadas pola institución provincial.

En concreto, poderán recibir subvención as entidades asociativas sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións e proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural que poñan en valor o patrimonio

natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e que contribúan así á súa dinamización social e económica.

As solicitudes poderán formularse ata o vindeiro 13 de marzo, incluído, enviando os modelos oficiais xunto coa documentación precisa a través da sede electrónica da Deputación, ou ben de calquera dos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os beneficiarios poderán obter entre 1.000 euros e 7.000 euros por cada proxecto.

## Licitada a subministración de servizos do Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a licitación, por un importe de preto de 800.000 euros, dos últimos lotes da subministración de equipamentos e servizos tecnolóxicos que a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Entre as ferramentas tecnolóxicas destaca a implantación dun chatbot con intelixencia artificial, integrado nas web de concellos de menos de 5.000 habitantes, unha experiencia piloto que é pioneira en España. Trátese dun asistente virtual, que ofre-

cerá atención ao cidadán as 24 horas dos 365 días do ano para resolver consultas dun xeito rápido e eficaz, e reducir a carga de traballo para os traballadores públicos. Ademais, nos lotes aprobados esta mañá tamén se inclúen equipamentos dixitais para dar una maior transparencia financeira.

A Deputación irá adxudicando o subministro do resto de equipos e servizos, que teñen que estar implantados o 30 de abril, data na que deberán estar finalizados todos os proxectos do programa Impulsa TIC.



Neste ano, subliñou, a participación da entidade provincial en feiras como FITUR, Xantar, Termatalia ou Produart. Así mesmo, manterá a estreita colaboración que mantén co tecido asociativo e cos concellos da provincia para facilitar a súa actividade diaria, accións concretas ou novas dotacións que camiñan cara un turismo máis atractivo, sostible e

desestacionalizado. Rivera Capón tamén avanzou a continuidade das liñas do Plan Deputación que inclúen accións e actividades en materia turística, e que no pasado ano ascendeu a preto de 150.000 euros destinados a impulsar a promoción de recursos turísticos, feiras e festas, ou campañas de promoción.

## DEPORTES

### O Club de Atletismo Ría de Foz segue a destacar nos campionatos do Estado



O pasado sábado nas pistas de Expourense celebrouse o Campionato Galego de Pista Curta na categoría sub20, no que participou Helena Celada, do Club Atletismo de Foz. Helena, competiu na proba dos 3000 metros lisos acadando unha magnífica 4ª posición e mellorando en case 15 segundos a súa marca persoal na proba. Tamén ata Lugo se desprazaron 10 dos atletas focegos das categorías de menores para participar no control de marcas que se celebrou en Lugo o pasado sábado. Xana, Aya, Sofia E., Teo, Antia, Ikram, Noa, Amelia, Gisela e Marco participaron en diferentes probas tanto no módulo cuberto como na pista ao aire libre e conseguiron mellorar moitas das súas marcas persoas que tiñan nesas probas de anos anteriores. Así mesmo celebrouse en Castellón a XIV edición de maratón xun-

to cos xa consolidados 10km nos que participou Sara Reimondo. Un percorrido de 10.000 metros homologado pola RFEA e World Athletics que Sara dominou dende o comezo, conseguindo rematar a 1ª Española, cun tempo de 33:57, e sacándolle máis de 3 minutos a seguinte española clasificada. Ademais, con esta marca, Sara consegue colocarse 4ª na clasificación nacional desta modalidade na tempada 2024, e consegue así a 74ª mellor marca dunha española nos 10km ruta de todos os tempos. Tamén na xornada do domingo, Manuel Gil, Ángel Granda e Manolo Fernández desprazáronse a Coruña para correr a Media Maratón C21. Unha mañá con moito vento e chuvia que non freou a ningún dos nosos atletas, que percorreron eses 21.097m polo centro da cidade Coruñesa.

### O Burela FSF é hexacampión de Supercopa de España



As Guerreiras Laranxas xa son hexacampioas da Supercopa de España, logo de conquistar este domingo o seu sexto cordón, o quinto de forma consecutiva, en Torremolinos. Nunha final moi disputada e na que as bu-

relesas dispuxeron das mellores ocasións, ás da Mariña bastoulles un solitario tanto de Dany no segundo tempo para derrotar ao Poio Pescamar (1-0) e engadir un novo título ás súas vitrinas.

### O Cembedo de Viveiro consegue cinco medallas no torneo sénior galego

No Campionato Galego Sénior que tivo lugar en Viveiro o pasado sábado 2 de marzo, o Club Bádminton O Cembedo, de Viveiro, alzouse con tres subcampionatos e tres terceiros postos. Marta Castro e Jorge Santamariña conseguiron a prata en modalidade DX C2 e Jorge repetiu metal en DM C2 xunto ao seu compañeiro Javi Galicia do club Athlos.

Así, a terceira medalla de prata levaron Mercedes Lago e Enrique Cabanela na modalidade de DX B1.

Por outra banda, os bronzes foron para Mercedes Lago-Mª José Montenegro en DF C2-D-SV, Jor-



ge en IM C2 e para Marta en DF C1 formando parella con Dolores Sarmiento do Athlos.

A vindeira cita para o club viveirense será en Ourense o 6 de abril.

### O 24 de marzo celebrarase na Pontenova o III Trail As Minas

O vindeiro domingo 24 de marzo celebrarase na Pontenova a III Trail As Minas, organizada pola Asociación Cultural e Deportiva As Minas e o Concello. A nova edición deste evento

terá dous percorridos a escoller, de 18 e a andaina de 5 a 6 quilómetros, percorrendo a zona das antigas minas con camiños de terra e pistas. A saída será ás 10.30 horas desde a Praza dos

Fornos. Haberá tres categorías, absoluta, sénior e veterano A, B e C. As inscricións haberá que facelas na web de Champion Chip Norte.

### O Maderas Barcia Cervo Lourenzá está a colleitar unha gran tempada



O club de atletismo Maderas Barcia Cervo Lourenzá está a facer unha moi boa tempada polo que o Concello de Cervo quixo felicitar aos seus integrantes polo gran papel que están a facer nos diferentes campionatos disputados nos últimos meses, cuxo último logro foi protagonizado por Mara Kruger Mosquera e por Jesús García, que se fixeron co ouro autonómico, nas

categorías benxamín feminina e masculina, respectivamente, no campionato de Cros Federado que tivo lugar o pasado 20 de xaneiro na Rúa, Ourense. A rexedora, Dolores García Caramés, mantivo un encontro cos integrantes do club nas pistas de atletismo da Veiga para trasladarlles os parabéns en persoa a todos os seus corredores e corpo técnico, e de xeito especial a

Mara a Jesús, e tamén a Pedro Moirón Soto, campión galego Infantil de Cros Xogade en 2500 mts, o pasado 13 de xaneiro, en Ribadavia.

Títulos que se suman aos logrados a finais do pasado ano no provincial de Campo A Través Xogade, celebrado en Cangas de Foz, con 4 pratas para os equipos benxamín e alevín, masculino e feminino.

# “Pedimos ao Concello que continúe apoiando ás entidades”

Alfredo Navarro é o presidente da Asociación Deportiva e Cultural Alboi

**Cando e como nace a ADC Alboi?**  
Pois Alboi nace a partir dun grupo de amigos que nos dedicábase a camiñar polos montes de Viveiro, en concreto pola zona de Penedo do Galo case todos os días do ano, e entre tanto quilómetro e tanta conversa xurdiu esta idea.

**Por que ou con que motivación xorde?**

As motivacións son a dinamización da nosa contorna e dos seus veciños a través de actividades deportivas, lúdicas e tamén culturais.

**Que obxectivos ten?**

Moi en liña co anterior, dar a coñecer aos propios veciños novos espazos naturais a través das actividades que facemos, non todo o mundo se “atreve” a subir ao Penedo ou a Silvarosa solos, e con este tipo de actividades promovemos a nosa contorna natural. Pero como asociación queriamos ir un pouco mais aló e non limitarnos só actividades na natureza.

**Quen a conforma?**

Conformámola un grupo de amigos que tiñamos como nexo ir a camiñar polo monte case todos os días do ano. Curiosamente vimos doutros ámbitos deportivos, como o fútbol, baloncesto, ciclismo, etc.

**Onde teñen a base?**

A base é Viveiro e a súa contorna, xa que o primeiro non se entende sen o segundo. Basicamente as nosas actividades serían por esta zona. Aínda que non pechamos a porta dun futuro e facelas fóra deste ámbito xeográfico.

**Este ano fixeron o primeiro trial e andaina, que supuxo?**

Pois supuxo sobre todo unha gran gratificación que houbera tan boa resposta, o cal anima a seguir traballando e motiva para facer outras actividades. De feito queremos agradecer ás entidades privadas e empresas a súa colaboración e apoio e forma totalmente altruísta. Tamén

á xente de Aspanane que nos fixo os trofeos e a serigrafía das mochilas. Por outra parte e moi importante, aos voluntarios, que nos axudaron e sobre todo aos corredores e participantes que confiaron en nós.

**“Damos a coñecer aos propios veciños novos espazos naturais a través das actividades que facemos, coas cales non todo o mundo se atreve”**



**“Temos programadas tres actividades: unha travesía a nado da ría de Viveiro, un 3X3 de fútbol para os pequenos, e o Trail do Penedo do Galo coa súa andaina”**

**Colaboran con outras asociacións e colectivos?**

Sí, máis ben colaboraron eles con nós. Neste caso foron o CD Egozarros, CC Viveiro, Peña Lar Trail e o Clube Rugby Asterix de Viveiro, pois axudáronnos

moito, non só fisicamente senón aconsellándonos.

**Que iniciativas propoñen?**

Este ano temos programadas tres actividades máis se todo transcorre de forma adecuada. Unha travesía a nado da ría de Viveiro, un 3X3 de fútbol para os máis pequenos, e o noso Trail do Penedo do Galo coa súa andaina polo mes de setembro.

**Participades en moitos torneos ou competicións?**

Nos a día de hoxe non somos un club deportivo, non temos fichas federadas nin deportistas adscritos, nos nacemos para organizar eventos, xa que, polo menos a día de hoxe consideramos que xa hai clubs que xa satisfán esas demandas dos deportistas.

**Fan actividades ao longo do ano?**

A idea é esa, ir facendo actividades durante todo o anos, como as que explicamos antes, todo dependerá de como responda a xente ás mesmas, se hai boa recepción ou aceptación, xa que colaboración de ideas para facer eventos hai moitas.

**Teñen apoio institucional ou algunha entidade?**

Sí, tivemos a colaboración do Concello de Viveiro a través de Eleazar José Rodríguez o concelleiro de deportes.

**Que lle piden ao Goberno local?**

Pois non só para nós, senón para todas as asociacións de Viveiro, que nos continúen apoiando xa que somos entidades sen ánimo de lucro que, na nosa opinión, facemos un labor moi importante para toda a veciñanza de Viveiro.

**Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?**

Ideas temos moitas, antes de concretalas gustaríanos ver se hai aceptación das que están programadas e a partir de aí ir traballando para materializalas.



## Resultados do Trail ACD Alboi



A Asociación Deportiva Cultural Alboi en colaboración co Concello de Viveiro organizou a Andaina e Trailiño Alboi o pasado domingo 4 de febreiro do 2024. Participaron un total de 250 participantes, 115 para a andaina e 135 para o trailiño, e foi un percorrido de 12.5 quilómetros polos montes de Viveiro, cun desnivel positivo 600 metros. Trala proba houbo unha entrega de trofeos e uns petiscos para os participantes. Na entrega estivo o concelleiro de deportes de viveiro e Fidiño presidente da ADC Alboi.

**ABSOLUTA MASCULINA.** Os gañadores foron Fabián Casabella Baltar, do Peña Lar Trail; Miguel Vilavoy Filgueira, do Club Monte O Caxado; e Jose Santiago Villar, independente de Cariño.

**ABSOLUTA FEMININA.** As mellores corredoras foron Romina Reimondo Gasalla, do Toxiza Club Montaña; Kenia Estrada, independente de Lugo; e Lourdes López Villar, do Club Atletismo Ribadeo.

**MÁSTER A MASCULINO.** Os mellores atletas foron Emilio José

Fernández Fonticoba, Indep. de Naron; Manuel Martínez Herreiro, da Peña Lar Trail; e Xesus Regueiro Fraga, independente de Cedeira.

**MÁSTER A FEMININA.** Ángela Maseda, Peña Lar Trail, foi a mellor da proba; seguida de Sonia González Valea, do Club atletismo Ribadeo; e de Raquel Miguez Chao, da Peña Lar Trail.

**MÁSTER B MASCULINO.** Jesús Arca Canto, da Peña Lar Trail, foi o mellor da súa categoría; seguido de José María Gueimunde, independente de Viveiro; e Pedro Pumares Marrube, As Escondidas.

**MÁSTER B FEMININA.** Nesta categoría Isabel Muñoz Rodríguez, do Toxiza Club Montaña, foi a primeira; Marta Miguez Chao, da Peña Lar Trail, a segunda; e Carmen Casal Llorente, da Coruña, a terceira.

**MÁSTER C MASCULINO.** Os mellores corredores foron Rafa Villar López, da Peña Lar Trail; Luis Fernández Verga, do Verxel Nutrición; e Rufino Fernández Trascos, do CD Egozarros Viveiro.

## COLABORACIÓN

## Shh

## SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** mala palabra queda na boca de quen a di. Iso nos dicía a avoa A. sempre que algún dos netos entrabamos a esbardallar na casa en Cornide. Eu sempre quedaba pensando en que quería dicir, ao comezo pensaba que as palabras malsoantes producían danos físicos na boca, caries, perda de dentes... ata moitos anos máis tarde decatarme de que o que se pica é a alma. Porque se ben é certo, que o que fai mal, fai mal para si. Di X. que o mellor de ir ver dúas veces a mesma película ao cine é que podes desentenderte da trama e fixarte no que realmente importa: os detalles. Coido que pasa o mesmo na vida, conforme coñeces a alguén non tes que

centrarte tanto en a que se adica, no que di ou mesmo en como se leva cos seus pais. Pasa a cobrar transcendencia como se lle engurra o nariz cando se desgusta, como tapa a boca cando ri ou como se lle inflama a vena do pescozo cando discute acaloradamente. Coñecemos moito a través dos detalles, en ningún caso da trama, nin da súa biografía, e nin por asomo do que di.

O ensaísta Dan Lyons reivindica o silencio activo como maneira de sermos máis felices e mesmo de acadar máis éxitos. Aquelo de que en boca pechada non entran moscas, cobra agora sentido. Manter a boca pechada faravos máis intelixentes, máis simpáticos e mesmo máis poderosos nos asegura o escritor. Agora que todo o mundo semella ter algo que dicir, cando todos temos a necesidade de alzar a voz, de berrar forte, debemos tamén poñer en valor calar cando un debe calar. A prol do silencio

atopamos o libro deste autor, O poder de manter a boca pechada nun mundo de ruído incesante. En moitas ocasións, falamos por falar, pero as persoas máis poderosas do mundo fan exactamente o contrario. Apunta un estudo do departamento de Psicoloxía da Universidade de Arizona que data de 2018 que unha conversa de calidade e non trivial se traduce nunha maior sensación de felicidade. A cantidade e a calidade da conversa están relacionadas co benestar. Debemos pensar logo en gastar sabiamente as palabras e aprender a desfrutar do silencio. Prestar atención plena ao que nos di o noso entorno e en ocasións, desconectar da sobrecarga de información que nos leva a un estado de sobreestimulación continuado no tempo. Por suposto que presta unha tarde en familia ou amigos ao redor dun café interrompendo para acadar a quenda de palabra, pero estamos a falar

de cousas distintas. Paradóxicamente escribo a prol do silencio empregando tres mil caracteres para tal fin.

Ao meu alumnado invítooo fortemente a calar, a escoitarenses a si mesmos para favorecer o razoamento. Non preciso falar do meu traballo, prefiro que falen por min as ducias de profesionais que comezaron este ano a traballar no que lles gusta, os outros moitos aos que obrigo a encender o botón de pensar, porque non me gusta falar de máis, e é por iso que non fago o seu traballo, fago o meu. Doulles ferramentas para que sexan resolutivos, invítoos a pensar, a empregar o sentido crítico e a facer o profundo traballo de abstracción que precisan as Matemáticas. Desde que comezou este proxecto tan fermoso que supuxo a Academia ben seguro houbo moitas persoas que comezaron a sentir paixón polas ciencias, e

así mo fixeron saber, e ben seguro que outras moitas me invitan a calar para que non volva poñer exercicios porque remataron esgotados de tanto pensar e traballar. Prefiro que iso sexa o que fale por min, os feitos. Desde logo que levo sete anos calada e así vou a seguir. Porque desde os inicios houbo quen tentou provocar, sen nin tan sequera un café ao que invito polo medio, quen o segue a facer, dicía o cuñado do avó L. que falen Libardiño que iso é porque estás vivo, porque cando hai moito tempo un pode dedicalo a mirar o que fan os demais, sen invitación previa, con alevosía, ou pode adicalo a traballar nun dos grandes sete problemas matemáticos sen resolver. Invítoe a ti, que compartes a miña paixón e os meus estudos a facer isto último, porque onde hai letras, calan barbas.

## Un canto á beleza rota

## CULTURA



Rebeca Maseda

**N**a esfera do cinema, certas películas transcenden a mera diversión para ofrecer profundas reflexións sobre a condición humana. "Poor Things", dirixida polo aclamado cineasta Yorgos Lanthimos, destaca como un exemplo primordial dese arte cinematográfico. Lanzada con eloxios da crítica, esta fábula mergúllase sombriamente en temas de identidade, moralidade e a complexa interacción entre creador e creación.

Apostada nun surrealista período vitoriano alternativo, "Poor Things" xira arredor da enigmática personaxe de Bella Baxter, levada á vida pola fascinante interpretación de Emma Stone. Bella é unha muller de orixes misteriosas, rescatada do abismo da morte e transformada nun novo ser a través dos experimentos científicos do seu titor e mentor, o doutor Godwin Baxter, interpretado con brillo arrepiante por Willem Da-

foe. Mentres Bella loita coa súa nova existencia, navega por un mundo cheo de intrigas, enganos e as liñas borrosas entre humanidade e monstruosidade.

Na narrativa da película poderíamos dicir que ocupa un lugar central o tema da identidade. A transformación de Bella suscita cuestións fundamentais sobre o que significa ser humano. É simplemente un produto do talento científico do Dr. Baxter, ou posúe unha alma propia? A través da viaxe de auto-descubrimiento de Bella, "Poor Things" desafía aos espectadores/as a enfrontar os seus propios prexuízos sobre a identidade e a esencia do ser. Ademais, explora as implicacións éticas da experimentación científica e a procura de poder. A implacable sede de coñecemento e control do Dr. Baxter serve como un conto de avisos sobre os perigos da ambición sen límites. Mentres Bella loita co seu papel, tanto como suxeito e peón nos experimentos de Baxter, a película suscita cuestións clave en torno á moralidade do avance científico e os sacrificios feitos en nome do progreso.

No seu núcleo, "Poor Things" é un estudo da natureza humana en



toda a súa complexidade. A dinámica entre Bella e Duncan está chea de tensión, alternando entre momentos de tenrura e manipulación. Emma Stone e Mark Ruffalo ofrecen interpretacións cativadoras, cheas de profundidade e centos de matices. Por mor da complexa relación entre Bella e o seu

mozo/amante, ela vese forzada a enfrontar os aspectos máis escuros da súa propia humanidade, chegando a un clímax de proporcións trágicas.

Visualmente impresionante e temáticamente rica, "Poor Things" é toda unha mostra do talento direccional de Yorgos Lanthimos.

O seu estilo estético distintivo impregna cada fotograma cunha beleza inquietante, creando un universo familiar e desconcertante a partes iguais. Dende as suntuosas mansións vitorianas ata os laboratorios sombrios, cada escenario está meticulosamente elaborado para salientar o sentido de atmosfera e intriga da película.

Resumindo, "Poor Things" é unha obra mestra que desafía calquera tipo de categorización. Comedia negra, drama psicolóxico e meditación filosófica a partes iguais, convida aos espectadores/as a unha viaxe de auto-reflexión e introspección. A través da súa exploración da identidade, moralidade e natureza humana, a película desafíanos a enfrontar as complexidades da nosa propia existencia. Coas súas actuacións estelares, a súa estética envolvente e a súa narrativa provocadora, este filme eríxese, sen dúbida, como un testamento ao poder do cinema tanto para entreter como para iluminar. "Ergamos a nosa voz en defensa da beleza rota e morta, pois no seu derradeiro suspiro reside a esencia mesma da nosa humanidade."

# Matemáticas socioafectivas

## O PUPITRE



Julio Díaz

**E**u que son un apaixonado das “mates” acollín con certa pesadume os resultados do PISA onde se constata unha caída de cinco puntos en Matemáticas no noso país. De inmediato, o Presidente do Goberno amosou un plan de reforzo en Matemáticas e Comprensión Lectora tras eses desastrosos resultados. Vexo ben que o noso Goberno relacione as dúas cousas, xa que ambas as dúas van da man.

Os meus alumnos sempre me escoitaron dicir que as Matemáticas son a linguaxe da ciencia. Moitas deficiencias dos nosos rapaces/zas co razoamento matemático e a resolución de problemas veñen de que non comprenden o enunciado de ditos problemas, non entenden o que lles preguntamos.

Pero vamos a esa proposta para profes de Pilar Alegría con ese

método de matemáticas “socioafectivas”. O 46% dos escolares españois expresaron no cuestionario de PISA que causaban moita tensión os deberes desta materia, mentres que a un 39% provocáballes “indefensión”. É por iso que o Ministerio cre que se debe fomentar o sentido “socioafectivo” desta asignatura, porque aparte de achegalos ao alumno/a, logrando eliminar esa ansiedade xeral, conseguírase un instrumento eficaz para aplicala na vida cotiá.

As Matemáticas socioafectivas refírense a un tipo de enfoque educativo nesta materia que recoñece a interacción entre as emocións, o entorno social e a aprendizaxe das matemáticas. Dito doutra maneira, en lugar de limitarse a unha mera transmisión de conceptos e procedementos mecánicos, esta proposta busca crear un ambiente de aprendizaxe no que os estudantes se sintan seguros, motivados e capaces de relacionarse coas matemáticas doutra maneira.

Pero a min, o termo Matemáticas



socioafectivas gústame máis ben pouco. Na ensinanza das matemáticas hai dous compoñentes: unha cognitiva e outra socioafectiva, que ten moito

que ver coa actitude dos alumnos cara as Matemáticas, a súa capacidade para procesalas e en última instancia, de usalas para resolver problemas e redu-

cir a ansiedade matemática que teñen os nosos alumnos.

Eu como docente só tiña unha preocupación que era “enganchar” aos meus alumnos/as e intentaba captar a súa atención e o interese pola materia, intentando facela atractiva, escapando das leccións maxistráis e achegando o entorno máis próximo a eles ás miñas explicacións: falar de proporcionalidade mediante uso de receitas de cociña, cálculo de porcentaxes dun xogador de baloncesto, xogos de secuencias, puzzles xeométricos, empregar debuxos e pegatinas,...

As matemáticas son paixón, hai quen pensa que só están nas novas tecnoloxías, na IA e nos algoritmos; eu penso que a parte humana é fundamental. As matemáticas non poden ser o óso das aulas. Son a linguaxe da ciencia e da natureza. Son obxectividade e precisión. Se plantexamos as matemáticas como unha repetición de actividades monótonas, nunca chegaremos ao noso alumnado.

# Anuncio mediático

## COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**V**ai por dezasete anos desde que se publicou no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.) a chamada Lei de Dependencia.

A súa entrada en vigor significaba recoñecer uns dereitos subxectivos a aquelas persoas que precisasen de apoios externos na súa cotidianidade, garantíndolle o acceso a servizos tales como residencia, centro de día ou atención no domicilio; así mesmo, existía a posibilidade de obter unha prestación económica porque se daban as circunstancias que a persoa dependente estaba a ser atendida no entorno familiar. Foi esta última a que colapsou os servizos sociais dos concellos daqueles primeiros meses, xa que era o obxectivo da inmensa maioría das solicitudes presentadas. Lembrámolo ben aqueles que nos tocou realizar as correspondentes tramitacións dos cidadáns que non disimulaban o seu excepticismo sobre se chegarían ou non a

beneficiarse das denominadas libranzas que se anunciaban. Non foi sen tempo, pero paseniño empezaron a chegar as primeiras resolucións, nalgúns casos con cantidades considerables que tapaban as bocas dos que non escatimaban negativos presaxios. Incluso a cuidadora –a inmensa maioría eran e son mulleres– tiña a opción de darse de alta como cotizante no réxime especial que se creou na Seguridade Social, cotización que realizou nos primeiros anos o Estado directamente. Logo virían os recortes, reducindo as cantidades á mínima expresión e quitando a cotización gratuíta. Ben é certo que moitos solicitantes quedaban polo camiño, xa que lamentablemente falecían antes de finalizar todo o proceso, co conseguinte malestar creado. Nestes dezasete anos de percorrido, asistimos á construción de centros residenciais e de día, así como nun incremento exponencial das horas de axuda no fogar que se ofrecen desde as entidades locais. O efecto na creación de emprego, feminino e local, foi de enorme valor. Agora estase anunciando sen escatimar medios a axuda de cinco

mil euros anuais para as familias con dependentes a cargo, creando unhas expectativas enormes entre a cidadanía. É o denominado Bono Coidado. Cómpre sinalar que dita contía será para aqueles que xa son beneficiarios da libranza na contorna familiar, que na nosa bisbarra segundo datos, rondaría os cinco centos perceptores. O efecto chamada non se fixo agardar e os que teñen persoas maiores a cargo están acudindo en masa aos servizos sociais municipais para presentar a solicitude do devandito bono.

Estamos na época que xa sabemos e comprobábase co paso do tempo como se desenvolve esta medida e a cantos satisfará. Que as administracións competentes apoiem economicamente aqueles domicilios onde as persoas maiores son atendidas directamente por algún ou varios convivintes, semella ser de xustiza. Recoñecer e por en valor ese traballo moitas veces invisible de mulleres –repetimos: a práctica totalidade dos cuidadores son de sexo feminino– quen facilitan unhas atencións que fan que eses dependentes

podan seguir no seu entorno de sempre, evitando así que acaben nun centro residencial. Pero bótase en falta levar a cabo unha planificación a medio e lon-

go prazo. Somos unha poboación avellentada que precisará algo máis que axudas económicas directas e coxunturais. E aí é onde se atopa o verdadeiro desafío.

## O RECUNCHO DE CANELINA



# Ourol: a ferverenza da Xestosa

Un fermoso e potente salto de auga rodeado de vexetación e ladeiras boscosas que compoñen unha bonita estampa

**A** Ferverenza da Xestosa, localizada no municipio de Ourol, é unha das máis bonitas da Mariña. Conta con distintos saltos, rematando nunha gran caída final de máis de 20 metros de altura, precipitando as súas caudalosas augas con grande estrondo nalgunhas épocas do ano. O nome á ferverenza dállo o río Xestosa tamén chamado Xanceda que baña as serras da Gañidoira e da Coriscada e que se xunta co Landro, do que é tributario, en Xerdiz.

Para chegar a esta ferverenza que se atopa en terras de Ourol hai que ir pola vella estrada de Ourol a Muras, deixar o coche nunha pequena área de descanso (debaixo da ponte da estrada nova) e seguir camiñando pola estrada en dirección Ourol. Esta senda mergulla aos visitantes nun bosque se volve máis frondoso na húmida contorna do río e pronto chegamos á ferverenza. A menos de 500 metros sae unha pequena senda que leva ata a ferverenza que podemos

contemplan e escoitar desde distintos puntos.

A auga precipítase salvando un considerable desnivel do terreo, formando a ferverenza da Xestosa. O escenario é fermoso, rodeado de vexetación. Como non pode ser doutra maneira, é recomendable visitala en época de choivas, resultando especialmente fermosa na primavera, cando aínda queda moita auga e a vexetación está verde.

Despois retrocedemos costa arriba polo mesmo carreiro e a media altura tomamos outra senda que se dirixe á parte alta da ferverenza. Con todo, a vexetación crecida pode impedir ver a ferverenza desde arriba sen estorbos. En calquera caso, ofrécenos unha panorámica dos montes poboados de bosque. Continuamos polo carreiro a beiras do río ata que chegamos a unha pequena presa, e despois pódese regresar ao momento de inicio.



## DATOS



30 minutos



0,80 quilómetros



Dificultade fácil

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605